

administración & cidadanía.

Sumario_

_01_TUBÍO SÁNCHEZ, JOSÉ MARÍA e RAFAEL CRECENTE MASEDA (Universidade de Santiago de Compostela), «Entendendo o planeamento municipal en Galicia. A implantación da LOUPMR».**_02_FERREIRO SEOANE, FRANCISCO JESÚS** (Universidade da Coruña e Universidade de Santiago de Compostela), «A figura do emprendedor e a súa conceptualización».**_03_JAIME GUZMÁN, JOSÉ DE JESÚS** (Hospital General de Zacatecas, México) e **JOSÉ G. VARGAS-HERNÁNDEZ** (Universidad de Guadalajara, México), «Modelo `plural-integral` de atención primaria á saúde e satisfacción dos usuarios».**_04_BAVOLEO, BÁRBARA INÉS** (Universidad de Buenos Aires), «Repertorios de participación cidadá online: o caso de Corea do Sur e a conformación da xeración 2030».**_05_VARGAS-HERNÁNDEZ, JOSÉ G.** (Universidad de Guadalajara, México), **ERNESTO GUERRA GARCÍA** (Universidad Autónoma Indígena de México) e **MARÍA EUGENIA MEZA HERNÁNDEZ** (Universidad Autónoma Indígena de México), «Avaliación sociointercultural para proxectos de investimento en comunidades indígenas *wixarikas*».**_06_CASTRO QUINTAS, CLAUDIO** (Universidade de Santiago de Compostela), «Análise do Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria como novo fito da construción europea, empregando as teorías da integración».

_01_TUBÍO SÁNCHEZ, JOSÉ MARÍA y RAFAEL CRECENTE MASEDA (Universidade de Santiago de Compostela), «Entendiendo el planeamiento municipal en Galicia. La implantación de la LOUPMR».**_02_FERREIRO SEOANE, FRANCISCO JESÚS** (Universidade da Coruña y Universidade de Santiago de Compostela), «La figura del emprendedor y su conceptualización».**_03_JAIME GUZMÁN, JOSÉ DE JESÚS** (Hospital General de Zacatecas, México) y **JOSÉ G. VARGAS-HERNÁNDEZ** (Universidad de Guadalajara, México), «Modelo `plural-integral` de atención primaria a la salud y satisfacción de los usuarios».**_04_BAVOLEO, BÁRBARA INÉS** (Universidad de Buenos Aires), «Repertorios de participación ciudadana online: el caso de Corea de Sur y la conformación de la generación 2030».**_05_VARGAS-HERNÁNDEZ, JOSÉ G.** (Universidad de Guadalajara, México), **ERNESTO GUERRA GARCÍA** (Universidad Autónoma Indígena de México) y **MARÍA EUGENIA MEZA HERNÁNDEZ** (Universidad Autónoma Indígena de México), «Evaluación sociointercultural para proyectos de inversión en comunidades indígenas *wixarikas*».**_06_CASTRO QUINTAS, CLAUDIO** (Universidade de Santiago de Compostela), «Análisis del Tratado de Estabilidad, Coordinación y Gobernanza en la Unión Económica y Monetaria como nuevo hito de la construcción europea, empleando las teorías de la integración».

VOL.7_nº2_2012_ Revista de la Escola Galega de Administración Pública.



administración &
cidadanía.

– VERSIÓN GALEGO –

Consello Editorial

_PRESIDENTA

SONIA RODRÍGUEZ-CAMPOS GONZÁLEZ.
[Directora da Escola Galega de
Administración Pública].

_DIRECTOR

XOSÉ LUÍS BARREIRO RIVAS.
[Universidade de Santiago de Compostela]

_SECRETARIA DE REDACCIÓN

CRISTINA ARES CASTRO-CONDE.
[Universidade de Santiago de Compostela].

_VOGAIS

CELIA SZUSTERMAN.
[Universidade de Westminster - Londres].

RICARDO GARCÍA MIRA.
[Universidade da Coruña].

ROMAIN PASQUIER.
[Centro de Investigacións sobre a Acción
Política en Europa, CRAPE-CNRS - Rennes].

LUIS CARAMÉS VIÉITEZ.
[Universidade de Santiago de Compostela].

VICENTE GONZÁLEZ RADÍO.
[Universidade da Coruña].

SUSANA RUIZ SEISDEDOS.
[Universidade de Jaén].

XOSÉ CARLOS ARIAS.
[Universidade de Vigo].

MAGDALENA SNIADOCKA-KOTARSKA.
[Universidade de Varsovia, Centro de
Estudios Latinoamericanos].

_ Administración & Ciudadanía publicase cunha periodicidade semestral.

_ Administración & Ciudadanía está dispoñible en formato impreso e electrónico, en lingua galega e castelá.

_ Para maior información sobre a publicación, visite o portal web da EGAP en: <http://www.egap.xunta.es>

EDITA:

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

Rúa de Madrid 2-4, Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

DISEÑO Y MAQUETACIÓN:

Krissola Diseño, S.L.

ISSN-e:

1887-0279

DEPÓSITO LEGAL:

A revista *Administración & Ciudadanía* non se responsabiliza das opinións vertidas nos contidos desta publicación. Estas opinións son responsabilidade exclusiva do seu autor ou os seus autores.

Sumario



_ ARTIGOS

[7-102]

_ Tubío Sánchez, José María e Rafael Crecente Maseda (Universidade de Santiago de Compostela), «**Entendendo o planeamento municipal en Galicia. A implantación da LOUPMR**».

[7-25]

_ Ferreiro Seoane, Francisco Jesús (Universidade de A Coruña e Universidade de Santiago de Compostela), «**A figura do emprendedor e a súa conceptualización**».

[27-38]

_ Jaime Guzmán, José de Jesús (Hospital General de Zacatecas, México) e José G. Vargas-Hernández (Universidade de Guadalajara, México), «**Modelo `plural-integral´ de atención primaria á saúde e satisfacción dos usuarios**».

[39-47]

_ Bavoleo, Bárbara Inés (Universidade de Bos Aires), «**Repertorios de participación cidadá online: o caso de Corea do Sur e a conformación da xeración 2030**».

[49-65]

_ Vargas-Hernández, José G. (Universidade de Guadalajara, México), Ernesto Guerra García (Universidade Autónoma Indíxena de México) e María Eugenia Meza Hernández (Universidade Autónoma Indíxena de México), «**Avaliación sociointercultural para proxectos de investimento en comunidades indíxenas wixarikas**».

[67-83]

_ Castro Quintas, Claudio (Universidade de Santiago de Compostela), «**Análise do Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria como novo fito da construción europea, empregando as teorías da integración**».

[85-102]

_ SUMMARY

[103-104]

_ NORMAS DE PUBLICACIÓN

[105-106]

Entendendo o planeamento municipal en Galicia. A implantación da LOUPMR



& Resumen/Abstract: *O planeamento urbanístico é unha das tarefas máis complexas que pode desenvolver unha administración local. Existe unha escasa investigación de cales son os factores que están en relación coa adopción ou o rexeite de planeamento xeral por parte dos concellos. Neste traballo trátase de entender, desde unha aproximación empírica e teórica, o comportamento da administración local en Galicia á hora de adaptarse á lei 9/2002 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. En particular préstase atención ás razóns que levaron ós concellos (ou que fixeron reacios) a adaptar o seu planeamento a esta lei. Os resultados deste estudo amosan que gran parte das ideas desenvolvidas en Galicia para xustificar a resistencia a adoptar planeamento, non son do todo explicativas do patrón de implantación da LOUPMR.* **&**

& Palabras clave: administración local, urbanismo, financiamento local, usos do solo, dereitos de propiedade.

1. INTRODUCCIÓN

A clasificación do solo a nivel municipal ten unhas implicacións xurídicas, catastrais, hipotecarias e rexistras que pola súa relevancia económico-administrativa para a administración local, converte a ordenación do termo municipal nunha das tarefas máis complexas que os concellos poden acometer, ata o punto de ser unha actividade chave para conseguir unha administración eficaz. Dito isto, en Galicia sóese referir á ordenación do territorio en xeral, e ó urbanismo en particular, como “caos” (García Vidal, 2003), como mistura de “feísmo e impunidade” (Castro Martínez e Otero Iglesias, 2007), como “desfeita” (Mosqueira Lourenzo e Silva Méndez, 2005), ou dunha forma máis directa e simple, como “problema” (Lois González e Aldrey Vázquez, 2011; Pino Vicente, 1995; 2010). A pesar de que en Galicia existe unha liña de pensamento territorial propia, tal como apunta Precedo Ledo (2006), a sensación con respecto ó planeamento é a dunha frustración colectiva. O feito de que en Galicia se aprobasen nos últimos 25 anos 3 leis do solo parece acreditar esta frustración. Esta situación do planeamento ten, evidentemente, consecuencias directas para a administración local, para o seu funcionamento, lexitimidade ante a cidadanía, financiamento e garantías na obtención do ben común.

A pesar da visión negativa xeral sobre o planeamento, Galicia é moi diversa e existen grandes diferencias entre os municipios. Por outra banda a lei do solo vixente representa un cambio radical nos obxectivos que se marcou o goberno autonómico con respecto á función do planeamento. Sen embargo, en torno a isto hai moitas preguntas sen responder. Algunhas delas son moi básicas, como por exemplo: que concellos se adaptaron a esta lei do solo? Que características teñen? Por que o fixeron? Que concellos non se adaptaron? Por que non o fixeron?

A pesar da importancia do planeamento municipal para a administración local, o feito de que apenas existan estudos en Galicia que traten de responder con rigorosidade a este tipo de preguntas tan básicas resulta cando menos insólito, ademais de demostrar a pouca importancia que se ten dado desde a universidade en Galicia á ordenación do territorio en xeral, tal como xa teñen afirmado algúns autores (Dalda Escudero, 2008; Crecente Maseda, 2009).

Este traballo trata de, a través do estudo da adopción da lei do solo vixente, desenvolver unha aproximación á comprensión do planeamento en Galicia, que dalgunha maneira permita superar as barreiras interpretativas que ata o de agora foron dominantes en Galicia á hora de comprender a ordenación do territorio. O traballo desenvólvese en dous apartados principais. O primeiro deles céntrase sobre todo en tratar de caracterizar os concellos que se adaptaron á última lei do solo aprobada en 2002, así como na caracterización daqueles concellos que aínda non comezaron traballos de redacción dos seus plans de acordo a esta lei. Nun segundo apartado trátanse de valorar as principais razóns que se deron en Galicia para explicar a resistencia dos concellos a adoptar planeamento. Estas razóns contrástanse cunha análise empírica e con as achegas teóricas da literatura internacional sobre planeamento. Nun último apartado de conclusións, elabórase brevemente unha explicación que permite entender o comportamento das administracións locais con respecto ó planeamento en xeral e con respecto á adopción da vixente lei do solo en particular.

Por último engadir que a orixe desta investigación está nun traballo da alumna Lucía Trancón Loureiro realizado no marco do masterterra.usc.es

2. A ADOPCIÓN DA LOUPMR NOS CONCELLOS GALEGOS

A oportunidade da aprobación da lei de Ordenación Urbanística e Protección del Medio Rural de Galicia (de agora en diante LOUPMR) no 2002 veu sen dúbida dada pola sentenza do Tribunal Constitucional do 5 e 11 de xullo de 2001, e do 27 de febreiro de 2002, onde se trataban de aclarar as competencias tanto estatais como autonómicas na designación de clases de solo. Sen embargo, a aprobación da LOUPMR foi moito máis alá do que sería necesario para adaptar a anterior lei do solo de 1997 ó novo marco estatal. A LOUPMR terminou por converterse nunha lei que regulaba os usos edificatorios no medio rural dunha forma máis restritiva que as leis anteriores. Non se podería entender este considerable cambio na regulación de usos no espazo rural sen recordar o clima no que se redactou a propia lei. O 19 de maio do 2001, o xornal *La Voz de Galicia* iniciaba unha campaña sobre o feísmo co titular “La agonía del paisaje gallego”. O impacto desta campaña foi determinante para entender os obxectivos da nova lei do solo (García Vidal, 2002; Tubío-Sánchez et al., 2012).

Unha década despois da aprobación da LOUPMR, os resultados da súa implantación pódense considerar como bastante irregulares. A pesar de que a propia lei obrigaba ós concellos a adaptar ou redactar o seu planeamento antes de 2006, ata 2011 únicamente 53 concellos redactaron un PXOM en conformidade con esta lei. Se destes 53 concellos se restan aqueles que comezaron traballos de redacción anteriores á entrada en vigor da lei, ademais de restarlle 2 concellos ós que se lles suspendeu o planeamento e se lles obrigou a adaptarse, quedan tan só 31 concellos que seguiron o mandato legal por iniciativa propia, o que significa tan só un 10% dos concellos en 10 anos. Pódese pensar que se trata dun baixo grado de conformidade coa legalidade, pero tamén hai que dicir que a meirande parte dos concellos está traballando na redacción do planeamento. Soamente un 6% dos concellos non contactou aínda co goberno autonómico para iniciar a redacción do plan. Na táboa n.º 1 expóñense o número de concellos nunha determinada situación con respecto á LOUPMR.

Táboa 1 Número de concellos e situación en relación á lei 9/2002

	CÓDIGO	SIGNIFICADO	NÚMERO DE CONCELLOS
PXOM-LOUPMR	A	Concellos que teñen planeamento baseado na LOUPMR, que comezaron o plan despois de que se aprobara dita lei.	31
	B	Concellos que teñen planeamento baseado na LOUPMR, pero que comezaron o plan en base a leis anteriores	19
		Concellos acollidos á 3ª DT da LOUPMR	24
	D	Concellos con plans suspendidos.	2
	C	Concellos que están traballando no planeamento	221
	E	Concellos que aínda non contactaron coa Xunta	18

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do COAG

Que características teñen os concellos que aprobaron un plan e que características teñen aqueles que aínda non iniciaron os trámites de redacción? Para responder a esta pregunta é necesario contemplar unha serie de características que poden ser relevantes á hora de

entender o comportamento dos concellos para decidir adaptarse ou non á LOUPMR. Estas características son as seguintes:

- 1) Tipo de figura de planeamento e a súa antigüidade.
- 2) Cor política do equipo de goberno e a súa continuidade no tempo.
- 3) Características físicas e socioeconómicas dos concellos.

Estas tres características analízanse tanto para os concellos que se adaptaron como para os que aínda non iniciaron os trámites. Non se analizan as características dos 221 concellos que están traballando na redacción do plan e que permitiría tal vez coñecer as causas polas que demoran tanto a súa aprobación. Isto faise así por razóns prácticas, pois non foi posible conseguir datos sobre as tramitacións dos plans e porque analizar esta cuestión necesitaría dunha análise cuantitativa que vai máis alá do que se pretende neste traballo.

A continuación analízanse estas 3 características para os concellos que se adaptaron á lei do solo.

2.1. A influencia do tipo de figura de planeamento e a súa antigüidade no momento en que se aprobou o plan

Na táboa n.º 2 faise unha división dos municipios en 3 grandes grupos. Aqueles que aprobaron un PXOM adaptado á LOUPMR, aqueles municipios que xa iniciaron a redacción, e aqueles municipios que aínda non iniciaron a redacción. Como vimos na táboa 1, este último grupo é o máis numeroso, con 221 municipios. Nestes tres grupos analízanse dúas características: 1) a idade do planeamento que tiñan os municipios cando se aprobou a LOUPMR; 2) a figura previa que tiñan os municipios que adaptaron á LOUPMR (no caso dos municipios que non se adaptaron e que aínda non comezaron os traballos, a figura aínda é, evidentemente, a actual).

Táboa 2. Idade da figura de planeamento dos concellos no 2002

	CÓDIGO	SITUACIÓN DO PLANEAMENTO	Idade media planeamento no 2002 (en anos)	Figura previa*
PXOM-2002	A	Concellos que teñen planeamento baseado na LOUPMR, que comezaron o plan despois de que se aprobara dita lei.	15	35% NSPM
				15% Plan Xeral
				51% Sen planeamento
	C	Concellos que están traballando no planeamento	10	50% NSPM
				20% Plan Xeral
				30% Sen planeamento
	E	Concellos que aínda non contactaron coa Xunta	4	63 % Plan Xeral

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do COAG. * No caso dos municipios que non se adaptaron, as figuras seguen sendo as actuais.

Na táboa obsérvanse dou feitos que son relevantes. O 50% dos concellos que se adaptaron á LOUPMR tiñan vixentes no momento de adaptarse unhas normas subsidiarias de planeamento municipal ou un plan xeral. Sen embargo, o 70% concellos que aínda están traballando na redacción do plan, teñen vixentes normas subsidiarias ou un plan xeral, mentres que os concellos que aínda non iniciaron traballos de redacción teñen case todos un plan xeral. Isto indica que os concellos que tiñan figuras de planeamento previas, e en especial un plan xeral, son moito máis remisos a adoptar planeamento. O segundo feito interesante a resaltar refírese á antigüidade das figuras de planeamento dos concellos cando se aprobou a LOUPMR no 2002. A idade media das figuras nos concellos que se adaptaron era de 15 anos. Por outra banda, aqueles municipios que están aínda adaptándose hoxe tiñan no 2002 figuras de planeamento cunha media de 10 anos de antigüidade, mentres que os concellos que aínda non iniciaron a redacción tiñan unha figura de planeamento cunha antigüidade de 4 anos. Isto parece indicar que canto maior é a antigüidade das figuras de planeamento, maior é a vontade por parte dos concellos para adaptarse á LOUPMR.

Compróbase entón que dúas das características que teñen os concellos que se adaptaron á LOUPMR son: a) teñen tendencia a non ter figuras de planeamento en vigor; b) se teñen figuras de planeamento, estas soen ser das máis obsoletas en Galicia.

2.2. Cor política do equipo de goberno e a súa continuidade no tempo

O partido político do equipo de goberno pode ter gran relevancia á hora de decidir redactar un plan xeral. Isto é debido a que os partidos políticos teñen unha diferente visión de cal debe ser o grado de intervención do goberno no mercado ou nas decisións dos cidadáns. Por outra banda tamén é relevante considerar non soamente a cor política, senón tamén a estabilidade, pois isto facilita que nun contexto onde as tramitacións dos plans son cada vez máis longas, esta tramitación non se vexa interrompida por cambios de goberno. Na táboa nº. 3 represéntanse estas dúas características. Na primeira columna sitúanse os concellos que adoptaron un plan adaptado á LOUPMR e os partidos políticos (en porcentaxe) que non abandonaron a alcaldía no período que corresponde as dúas lexislaturas municipais (desde 2003 ata 2011), así como a porcentaxe de cambio de partido nesas dúas lexislaturas.

Táboa 3. Partidos políticos nas alcaldías durante nas lexislaturas 2003-2007 e 2007-2011.

Partido político que formaba o equipo de goberno	Municipios aprobaron un PXOM conforme á LOUPMR (en %)	Municipios que non iniciaron a redacción dun PXOM adaptado á LOUPMR(en %)
PP	48,4	52,6
PSdG	28,8	10,5
BNG-PSdG	3,2	-
Outros	3,2	5,3
Cambio de partido	19,3	31,6

Fonte: Elaboración propia

Esta táboa aporta dúas características relevantes dos concellos á hora de entender a influencia que ten o partido político na decisión de aprobación dun plan ou de non iniciar os trámites. A primeira característica é que o PP é o partido dominante tanto nos concellos que decidiron aprobar un PXOM como naqueles que aínda non contactaron coa Xunta para comezar a súa redacción. En ambos casos representa en torno á metade dos concellos. A segunda característica a resaltar é que o PSdG ten unha presenza case tres veces superior nos concellos que decidiron aprobar un PXOM que nos concellos que aínda non iniciaron os trámites.

En canto á continuidade do mesmo equipo de goberno e a súa relación coa aprobación ou a resistencia a adoptar planeamento, obsérvase que os concellos que si adoptaron un plan de acordo á LOUPMR teñen unha porcentaxe considerablemente menor de cambios de goberno nas dúas lexislaturas (19,3 %) que os concellos que aínda non iniciaron os trámites (31,6 %). Este feito parece indicar que existe unha relación entre a continuidade do goberno coa decisión de tratar de aprobar un plan xeral.

Como conclusión pódese dicir que o PP é o partido político que aprobou máis plans de acordo coa LOUPMR, ademais de ser o partido máis representado nos concellos que non iniciaron os trámites. Por outra banda, o PSdG está case tres veces máis representado nos concellos que se adaptaron á LOUPMR que nos concellos que aínda non iniciaron trámites. Tamén se observa que a continuidade do equipo de goberno entre os anos 2007-2011 está relacionada coa aprobación do PXOM de acordo coa LOUPMR.


2.3. Características físicas e socioeconómicas que teñen os concellos que adoptaron e non iniciaron aínda a tramitación

Ata o de agora consideráronse os factores políticos e de planeamento que podían influír na adopción por parte dos concellos dun plan xeral de acordo á LOUPMR así como na súa resistencia a iniciar trámites. Pero cales son as súas características físicas e socioeconómicas que están en relación coa aprobación ou resistencia a adoptar un plan? Entendendo que a ordenación do territorio a nivel local se fai en gran medida, sobre todo a partir do século XX, para xestionar os procesos de crecemento urbano ou a protección de solos agrarios (OECD, 2001; Pallagst, 2007), pode ser relevante unha caracterización dos municipios que dea conta do proceso urbanizador e das características máis rurais do espazo. Seguindo este razoamento, utilizáronse 10 variables para caracterizar ós municipios. Estas variables van desde variables físicas ata socioeconómicas. A continuación lístanse as variables e as súas fontes de procedencia: 1) Licencias totais no 2000 e no 2009 (IGE), 2) os prezos dos predios agrícolas entre 2008 e 2011 (BanTegal); 3) a poboación activa na agricultura en 2001 (IGE); 4) a densidade de poboación no 2010 (IGE); 5) as áreas de cultivo (SIOSE); 6) as zonas forestais (SIOSE); 7) a superficie de solo artificial (SIOSE); 8) os núcleos de poboación (INE); 9) as entidades de poboación (INE) e a poboación activa en servizos (IGE). Para que o tamaño do municipio non influíse na comparativa, referíronse as variables, no caso de que procedese, á superficie municipal.

O obxectivo da análise é agrupar ós concellos con características similares e deste xeito tratar de entender a relación existente entre estas características e a adopción ou non adopción da LOUPMR. Para agrupar os concellos con características similares empregouse unha análise de conglomerados polo método de Ward. Os concellos foron agrupados en 5

grandes grupos, cada un deles ten polo tanto grandes similitudes nas 10 características listadas arriba. A distribución espacial destes 5 conglomerados móstrase no mapa 1.

Mapa 1. Distribución espacial dos concellos por conglomerado



Fonte: Elaboración propia

Os conglomerados están dispostos de tal xeito que se ordenan desde o número 1, que son os máis urbanos, ata os concellos que pertencen ó número 5, os menos urbanizados. Na táboa 4 indícanse o número de concellos que se adaptaron á LOUPMR por conglomerado. Recuperamos unha das variables empregadas nos apartados anteriores, que nos indica que porcentaxe dos concellos que se adaptaron tiñan figura previa.

Na táboa 4 obsérvanse dúas características que son salientables. Por unha banda o conglomerado cunha porcentaxe de concellos máis alta que se adaptou á LOUPMR é número 4. Se observamos no mapa 1 onde están situados, pódese ver que coinciden coas áreas rurais galegas onde a actividade agropecuaria é aínda maior, tal como mostraron Corbelle Rico e Crecente Maseda (2012). Ó mesmo tempo obsérvase que os concellos do conglomerado 4 que se adaptaron eran os que menos figuras de planeamento posuían antes de adaptarse á LOUPMR, porcentaxe incluso inferior ós municipios que se sitúan nas áreas de montañas.

Táboa 4. Porcentaxe de concellos por conglomerado que se adaptou e porcentaxe que tiñan figura previa

Conglomerado	Nº de concellos por conglomerado	Porcentaxe de concellos por conglomerado que se adaptaron (%)	Porcentaxe dos adaptados que tiña figura previa (%)
1	16	12,5	100
2	65	6,2	100
3	102	11,8	58
4	62	12,9	12
5	70	7,1	20

Fonte: Elaboración propia

A segunda característica interesante a salientar é a porcentaxe de concellos no conglomerado 2 que se adaptaron á LOUPMR. Como se observa é a máis baixa de tódolos grupos, con tan só un 6,2 % dos 65 que se podían ter adaptado. A situación xeográfica destes concellos, tal como se pode observar na mapa 1, sitúase nas áreas metropolitanas e en gran parte dos concellos costeiros das Rías Baixas. Ademais cabe resaltar que tódolos concellos conglomerado que se adaptaron, así como os concellos que se adaptaron do conglomerado 1, tiñan figura previa.

En canto ós concellos que aínda non iniciaron os trámites para adaptarse, a táboa 5 amosa en que conglomerado se sitúan e que porcentaxe dos que se adaptaron tiñan figura previa.

Obsérvanse dous feitos salientables. O primeiro deles está relacionado cos concellos que están no conglomerado 1, e indica que todos iniciaron a tramitación do plan. O segundo feito salientable ten que ver coa porcentaxe máis baixa dos municipios que aínda non iniciaron a redacción do plan, que se atopa no conglomerado 3, o que parece ser coherente cos resultados obtidos no mesmo conglomerado para os municipios que se adaptaron. Tamén é significativo sinalar que o ter unha figura de planeamento parece estar moi correlacionado, sen que exista unha variación tan grande como a comprobada no casos dos municipios que adoptaron plan, con non iniciar os trámites de redacción dun plan, e esto con bastante independencia do conglomerado onde se atope o municipio.

Táboa 5. Porcentaxe de concellos por conglomerado que non se adaptou e porcentaxe dos non adaptados que teñen figura previa

Conglomerado	Nº de concellos por conglomerado	Porcentaxe de concellos por conglomerado que non iniciaron os trámites (%)	Porcentaxe dos non que non iniciaron trámites que tiña figura previa (%)
1	16	-	-
2	65	7,7	100
3	102	6,9	85%
4	62	3,2	100
5	70	7,1	60

Fonte: Elaboración propia

Como resumo desta análise final pódese indicar que a maior porcentaxe de adaptación á LOUPMR atópase nos municipios do conglomerado 3, que como se observa no mapa 1 están situados en áreas de Galicia onde a actividade económica está ligada á actividade agropecuaria. De forma coherente, neste conglomerado tamén se atopa a menor porcentaxe de municipios que non iniciou aínda os trámites. É importante resaltar a idea de que adaptación a á LOUPMR está moi relacionada co conglomerado onde se atopa o concello así como a inexistencia dunha figura de planeamento no momento de adaptarse. A razón dos municipios que non iniciaron trámites parece estar máis relacionada coa existencia de planeamento (que como se demostrou arriba, era aínda moi recente cando se aprobou a LOUPMR no 2002), antes que a súa situación nun determinado conglomerado.

3. HIPÓTESES EXPLICATIVAS

Despois de examinar as principais características do proceso de adopción e non adopción da LOUPMR por parte dos municipios galegos, que é o que pode explicar este patrón de adopción? Por que os concellos galegos foron tan reacios a adoptar a LOUPMR? Existe en Galicia un pequeno corpo de literatura que trata de explicar a resistencia por parte dos concellos a dotarse de planeamento. Pódense dividir en catro grandes disciplinas que tradicionalmente estiveron relacionadas coa ordenación do territorio en Galicia: a arquitectura, a economía, o dereito e a socioloxía. Disciplinas como a xeografía son máis transversais e soen aglutinar no seu seo as achegas de varias outras. Nas próximas seccións avaliaranse as distintas ideas aportadas por cada unha destas disciplinas para entender a implantación da LOUPMR. Na táboa 6 móstrase a figura de planeamento en vigor dos concellos galegos e o número de concellos que dispoñen desa figura. A figura de planeamento codifícase mediante unha letra, a cal aparecerá posteriormente en diferentes caixas de barras.

Táboa 6. Tipo de figuras de planeamento vixentes nos concellos en abril de 2011

Código	Tipo de planeamento	Nº de concellos
-	Sen figura de planeamento ou DSU	68
A	NSPM, antes da LASGA	15
B	PXOU, antes da LASGA	4
C	NSPM, LASGA entre Lei 7/1995 e Lei 1/1997, OU NSPM, LASGA ata Lei 7/1995	94
D	PXOU, LASGA ata Lei 7/1995	8
G	PXOM Lei 1/1997, PGOM, DT 3ª LOUPMR	64
H	POMR, DT 3ª LOUPMR, OU POMR Lei 1/1997	9
K	PXOM LOUPMR, no adaptado á 2/2010	53

Fonte: elaboración a partir dos datos do COAG

3.1. A visión desde a arquitectura

Os arquitectos soen apuntar a unha deficiente redacción do planeamento, argumentado que os plans que son técnicamente deficientes teñen menos posibilidade para adoptarse, tal como se deduce dalgunhas observación feitas por arquitectos en Galicia (Portela Fernández e Estévez Fernández, 2008; Dalda Escudero, 2008). Na literatura internacional, a calidade técnica dos plans foi un elemento que se ten considerado para analizar a implantación efectiva dos mesmos, observándose que existe unha correlación positiva entre ambas (Joseph, Gunton e Day, 2008). Estas ideas tamén levaron a algúns arquitectos a salientar que as dificultades para a aprobación e xestión dos plans en Galicia están relacionadas coa adxudicación da redacción a equipos non ligados coa administración local. Neste sentido avogan por unha «xestión directa» do planeamento municipal a través de arquitectos municipais. Isto permitiría mellorar a calidade dos plans (Cebrián Tello, 1980).

Sen embargo, non existe evidencia de que a correlación entre plans tecnicamente adecuados e implantación sexa causal. É moi probable que os plans que son bos dende un punto de vista técnico, o sexan porque existe unha gran vontade de adoptalos. A calidade técnica dos plans adoptados sería, antes que unha causa da súa implantación, unha consecuencia. Aquí o sentido das causas e consecuencias ten un valor fundamental.

Por outra parte, nos estudos sobre implantación de plans tense demostrado que é un erro pensar que un planeamento tecnicamente bo vai levar directamente á implantación do mesmo (Alexander, Alterman e Law-Yone, 1983; de Oliveira, 2002). As razóns desto son múltiples, pero todas derivan de que os plans que realmente se adoptan, antes que ser o deseño dun técnico, son sobre todo a “construción” dunha sociedade (Graham e Healey, 1999). Esta nova concepción transformou por completo os principais paradigmas no ámbito da planificación. Hoxe en día, e cada vez máis nas sociedade actual, xa non é posible pensar que os técnicos poidan ter a capacidade real de deseñar e implantar plans baseándose na excelencia técnica dos seus traballos.


3.2. A visión desde a economía

Jacobs (2011) formula dúas hipóteses de carácter económico polas cales un municipio pode mostrarse reticente a aprobar un plan de usos. A primeira delas fai referencia á busca de renda dos propietarios. A perda de dereitos dos propietarios de terra pode resultar nunha perda de valor das súas propiedades cando un plan non recolla a posibilidade dun cambio de uso de rústica a urbanizable. A segunda hipótese ten que ver coa busca de beneficios por parte dos municipios. Estes teñen que pagar cada vez máis polos servizos que ofrecen, e unha fonte de financiamento importante son as taxas sobre propiedade e construción. Parece lóxico pensar que os municipios sexan proclives a incitar procesos de urbanización sen ningún plan que signifique unha limitación da superficie dispoñible para urbanizar.

A primeira das hipóteses foi empregada por López Iglesias (1996) para entender como a falta de regulación de usos de solo creaba expectativas nos propietarios sobre futuros usos urbanos. O que sucede neste caso é que os prezos de predios rústicos tenden a subir como consecuencia das expectativas sobre a posibilidade de que nese solo se poida construír no futuro. Aínda que existe unha abundante literatura analizando a influencia das restricións do uso do solo nos prezos, o que se desprende desta literatura é que os modelos de economía teóricos indican que unha zonificación que clasifique o solo nas clases urbano e agrícola, termina por aumentar os prezos do solo urbano, mentres que reduciría os de uso agrícola (Sheppard e Cheshire, 2002). Sen embargo, os estudos empíricos feitos son moito máis contradictorios. Algúns estudos indican que a zonificación non inflúe nos prezos, como exemplo ver Maser *et al.* (1977), mentres que outros indican que o ordenamento de usos ten influencia, ver por exemplo Pollakowski e Wachter (1990). A diverxencia explícase en parte porque neste tipo de estudos a metodoloxía non soe estar moi ben definida (Needham, 2006), e en parte porque a relación entre as restricións no uso da terra o valor desta aínda non é ben comprendida (Quigley e Rosenthal, 2005).

Para comprobar as hipóteses de Jacobs (2011) e López Iglesias (1996) tratouse de analizar a influencia que teñen os diferentes tipos de planeamento sobre o prezo da terra. Para isto utilizáronse os datos de tanteo e retracto do Banco de Terras de Galicia mentres estivo en vigor entre 2008 e 2010. Son unha cantidade suficiente de datos de prezos de compravenda de predios rústicos como para indicar a tendencia destes prezos en municipios con diferentes tipos de planeamento. Os resultados amósanse na gráfica n.º 1.

Gráfica 1. Prezos de predios rústicos entre 2008-2010



Fonte: Banco de Terras de Galicia

O feito máis salientable desta gráfica indica o seguinte: o grupo de municipios que teñen un PXOU aprobado con respecto á lei LASGA (grupo D)¹, composto únicamente por 8 municipios, ten unha mediana superior ó resto dos municipios. Os municipios de ningún tipo de figura de planeamento (-) teñen sen embargo os prezos máis baixos de predios rústicos, máis baixos incluso que os municipios que se adaptaron á LOUPMR, a lei que máis restrinxe os usos edificatorios. Se a hipótese de Jacobs (2011) e López Iglesias (1996) fose a correcta, os resultados que amosa o gráfico n.º 1 debería ser xusto os opostos.

Como se pode entón explicar esta estraña relación que se dá en Galicia entre planeamento e prezos do solo? Unha liña de argumentación podería soste-lo que, nun contexto como o galego, onde existe pouca tradición na regulación de usos, un plan non vai a ter influencia nos prezos porque os actores saben ou interpretan que os usos que se asignan no plan non influirán de forma determinante no uso do predio no futuro. Pero aínda sendo así, esta idea non explica por que os municipios que teñen planeamento xeral tenden a ter prezos máis altos que os municipios de ningún tipo de planeamento.

Na literatura internacional atópanse, sen embargo, algunhas ideas que poden axudar a comprender esta situación. En primeiro lugar, o que impide a miúdo unha explicación diferente á tradicional (López Iglesias, 1996; Jacobs, 2011) resulta de tratar de entender a relación da regulación dos usos do solo co prezo da terra dende unha perspectiva baseada en modelos de oferta e demanda. Isto baséase no axioma implícito que implica que os prezos dos bens (p.ex. da terra) veñen fixados pola cantidade de oferta existente e pola demanda que poidan ter. Sen embargo, a regulación de usos de solo ten unha relación máis complexa coa formación do prezo do solo. Algúns autores consideran que a regulación de usos pode considerarse unha ferramenta a *posteriori* para evitar que varíen prezos previamente establecidos. Desde esta perspectiva os plans son impulsados para evitar que usos de solo non

¹ Hai que mencionar que nos municipios que teñen esta figura de planeamento foi onde máis vivendas se construíron durante 1981-2001, segundo o censo de vivendas.

desexados (unha fábrica, etc.) terminen por reducir o valor das propiedades ou valores ambientais dunha zona, que xa previamente a comunidade valoraba. Neste sentido, o planeamento pode considerarse como a consolidación da valoración que unha comunidade fai de certos bens públicos (“amenities”) (Lubell, Feiock e de la Cruz, 2009).

Tendo isto en conta, a idea de que o planeamento inflúe nos prezos da terras tórnase na inversa, é dicir, é o propio planeamento o que pode considerarse como unha consecuencia de diferentes valoracións das propiedades privadas ou de bens públicos. Como din Quigley e Raphael (2005; p. 17): “the degree of regulation may in and of itself be a function of early growth pressures and house price increases.” Estas ideas proporcionan unha explicación máis verosímil da gráfica 1. A existencia de planeamento nos municipios con prezos máis altos de terra é consecuencia precisamente deses altos valores, mentres que os municipios con baixos valores de predios rústicos non tiveron a necesidade de dotarse de ningunha figura de planeamento. Por eso resulta difícil pensar que nos municipios sen planeamento a existencia dun plan vaia variar os prezos, así como parece difícil de soste que nun municipio con plan os prezos fosen a ser aínda máis altos se non o houbese, porque como xa se indicou, o plan o único que fai á formalizar a “valoración” que a sociedade fai dun territorio.

Como se comentou arriba, a segunda hipótese de Jacobs (2011) sostén que os concellos son reticentes a regular a capacidade residencial porque gran parte dos seu ingresos están ligados á actividade construtiva (licencias de construción, IBI, etc.). Isto é considerado por algúns autores en Galicia como unha especie de “cinismo fiscal” ó facer responsable á actividade construtiva da xeración de recursos para o financiamento dos servizos municipais (Rodríguez González, 2008; Lois González e Aldrey Vázquez, 2011). No contexto español tamén se ten argumentado que a actividade urbanística representa en torno ó 30% dos ingresos dos que dispoñen os municipios (Teré Pérez, 2010).

Sen embargo, no contexto galego, e salvando os esforzos realizados por Rodríguez González (2004b) para o conxunto dos municipios da comarca do Deza, a relación entre fiscalización e planeamento aínda non está estudada. A pesar de todo, é posible esbozar unha serie de datos que nos permitan atopar indicios de cal pode ser esa relación.

Nunha primeira aproximación pódese dicir que, en xeral, os tipos impositivos do IBI están bastante desactualizados. O esforzo fiscal no 2006 foi só un 17 % da capacidade normativa máxima (1,1 %), o que ven a representar a metade do esforzo fiscal medio español (Álvarez Corbacho, 2008). Neste contexto de desinterese na actualización dos tipos do IBI polos concellos, son precisamente os municipios que teñen un PXOU aprobado antes da LASGA os que teñen de media un gravame de bens inmobles urbanos máis alto (unha media de 0,60), mentres que os municipios que teñen un plan acorde á LOUPMR, a media do gravame é 0,57. Por outra banda, os municipios que non teñen figura de planeamento ou están rexidos por normas subsidiarias, teñen unha media de 0,48. Obsérvase polo tanto que os concellos que dispoñen de planeamento xeral tenden a ter tipos impositivos máis altos que os que non dispoñen de planeamento. Isto parece estar en contradición coa idea duns concellos que evitan o planeamento debido ó seu desexo de medrar urbanisticamente, tal como afirma Jacobs (2011).

Outro tipo de tributos relacionados coa actividade urbanística, como as licencias de construción ou as licencias de primeira ocupación, parece que non son, segundo un informe do Consello de Contas de Galicia realizado en 5 concellos sobre a fiscalización do urbanismo entre 1998 e 2001, ben aproveitadas polos concellos galegos, pois comprobouse que existen grandes deficiencias na súa xestión e liquidación, o que da lugar á perda de recursos

económicos nos concellos. Por exemplo, detectouse que no imposto de construcións, instalacións e obras, non se realiza liquidación definitiva do mesmo, previa comprobación administrativa, de acordo co custe efectivo da obra (Consello de Contas, 2003). Esta actitude pasiva dos municipios ante o urbanismo tamén se observa na súa deficitaria xestión do patrimonio municipal do solo, xa que en moitos dos municipios galegos nin sequera está constituído (Consello de Contas, 2006). Se cabe, a maior evidencia en canto ó pouco interese na recadación que podería proporcionar a actividade urbanística móstrase no baixo nivel de execución das áreas de reparto, o que lle permitiría ós concellos galegos obter un 10 % do aproveitamento das mesmas (Consello de Contas, 2003). Se se centra a atención nos concellos que se adaptaron á LOUPMR, unha enquisa feita a estes concellos revela que ningún deles iniciou unha valoración catastral debido á aprobación do plan, a pesar de que o Real Decreto Lexislativo 1/2004 sobre a lei de catastro inmobiliario admite no artigo 28 que unha valoración catastral pódese iniciar a instancias do concello se este aproba un plan que cambie os valores catastrais. Este dato é clave para entender o desinterese que teñen as administracións locais por obter recursos a través da xestión do territorio nos seus termos municipais.

Como resumo, concluímos que os concellos poden ter “vocación de medrar”, e a actividade urbanística pode representar unha gran parte dos seus orzamentos. Sen embargo, os concellos galegos son demasiado laxos no seu interese recadatorio, ata o punto de que parece difícil soste que ese interese recadatorio estea relacionado coa pouca vontade de adoptar planeamento. Poderíase pensar que a deixadez do concello á hora de recadar podería atraer un maior actividade urbanística. Pero son precisamente os municipios con planeamento xeral os que máis interese recadatorio mostran a través do IBI, e tamén son os municipios con planeamento xeral os que máis vivendas construíron durante 1980-2000, así como os que máis solicitudes de construción solicitaron a partir do 2000 (ver táboa n.º 7; en negriña os concellos con plan xeral). Por eso non se entende que se esgrima como argumento a laxitude ou o *laissez-faire* dos concellos para evitar calquera regulación urbanística, cando son os concellos con máis ingresos urbanísticos os máis propensos a regular e, ó mesmo tempo, con maior interese recadatorio.

Táboa 7: Relación entre catro variables (os datos son medianas estatísticas) e o tipo de planeamento.

	Tipo de planeamento	IBI	Vivendas construídas 1990-2001	Solicitudes de construción 2000	Núcleo de pob. e entidades
-	Sen planeamento	0,48	247,4	9,11	1,2
A	NSPM antes LASGA	0,49	364	24,4	1,5
B	PXOU antes LASGA	0,60	681,5	25,5	1,5
C	NSPM 1985-1997	0,46	512,7	26,5	1,7
D	PXOU 1985-1995	0,49	2873,2	85,1	2,5
G	PXOM 1997, DT 3ª	0,46	1012,5	34,1	2
H	POMR	0,46	72,7	2,4	1,3
K	PXOM LOUPMR	0,47	996,2	26,3	1,6

Fonte: elaboración propia

3.3.- A visión desde o dereito

En xeral, pódese dicir que as ideas que proveñen do dereito afirman que a regulación do planeamento en Galicia é demasiado proliza e complexa. Esta excesiva complexidade non foi moi eficaz á hora de cumprir os principais obxectivos da lexislación urbanística (Meilán Gil, 2001). Os últimos intentos legais como a LOUPMR non se escapan a estes adxectivos (a lei é “confusa, complexa, e excesivamente proliza”), e afírmase que o voluntarismo xurídico da LOUPMR ten unha excesiva confianza nas posibilidades de incidencia e transformación que as normas poidan ter na realidade social (Raposo Arceo, 2009). Cando se fala da complexidade da lexislación urbanística ás veces non se refire únicamente á lei do solo, senón a unha gran variedade de normativas sectoriais, ademais de normativas nacionais e europeas, ó que hai que engadir os cambios continuos ós que están sometidas cada unha delas (Mosqueira Lourenzo e Silva Méndez, 2005), así como a dificultade de aplicar unha vasta lexislación a unha realidade, como o territorio galego, que ten na súa diversidade, como as 30.000 entidades de poboación (INE, 2012), unha gran complexidade. Isto pode facer derivar a actividade de planificación nunha tarefa demasiado ardua como para intentar xestionala. Pero de novo neste punto atópanse datos que indican o contrario cando se trata a complexidade dos municipios en termos de núcleos e entidades de poboación. Os municipios con maior densidade de entidades e núcleos de poboación, é dicir, os municipios onde aplicar unha gran cantidade de normativa sectorial e cambiante sería máis complexo, son os que se teñen dotado de figuras propias de planeamento, mentres que os que teñen menos núcleos e entidades son aqueles municipios sen ningún tipo de figura de planeamento (ver táboa n.º 7. Os núcleos e entidades de poboación están referidos ó total da superficie municipal para facer a comparativa entre municipios posible). Considerando únicamente a LOUPMR, obsérvase que os municipios que se adaptaron son levemente máis complexos que os municipios que teñen un PXOU de acordo coa LASGA².

3.4. A visión social


A implantación de planeamento a nivel local non é máis que unha asignación e/ou reasignación de dereitos de propiedade (Jacobs e Paulsen, 2009). Xa se analizou que pode haber unha resistencia, debido a razóns económicas, a modificar eses dereitos de propiedade. Sen embargo, pódese haber tamén culturais? Jacobs (2011) afirma que unha das razóns polas cales é difícil implantar regulacións de usos de solo en áreas rurais é debido a unha forte ideoloxía dos dereitos de propiedade. Isto podería explicar por que en Galicia os cidadáns mostran unha resistencia, non debido a razóns económicas, senón culturais, a que se modifiquen os dereitos de propiedade. Hai que ter conta que o acceso á propiedade plena en Galicia foi moi tardío con respecto a outras partes de España, e para lograr este acceso os cidadáns tiveron que investir unha gran cantidade de recursos económicos. Gran parte das remesas procedentes da emigración foi adicada a este investimento (Rodríguez González, 2004; Villares Paz, 1982). Algúns autores en Galicia tamén afirman, igual que Jacobs (2011), que esta cultura en torno á propiedade pode ser unha razón que explique a resistencia mostrada ó planeamento (Rodríguez González, 2004). Ramón Villares (1982) entende que en Galicia, o concepto de propiedade introducido a través da revolución liberal, se acabou por identificar como unha extensión do propio corpo, polo que os propietarios consideran

² Aínda que aquí hai que considerar que dentro dos municipios que se adaptaron á LOUPMR hai algúns como Vigo, que polo seu tamaño distorsionan en termos de entidades de poboación, distorsionan o carácter xeral de municipios que se adaptaron.

actuacións públicas na propiedade dende unha perspectiva totalmente individual. A nivel internacional, algúns autores tamén teñen explicado as diferencias de implantación de planeamento, utilizando a idea de cultura en torno á propiedade. Ver como exemplo as diferencias de planeamento entre Holanda e Bélxica utilizando razóns relacionadas coa cultura da propiedade (Halleux, Marcinczak e van der Krabben, 2012). Sen embargo, como se comprobou no apartado da implantación da LOUPMR, son os concellos máis rurais os que mostraron un maior grado de adopción dunha lei que restrinxen considerablemente máis que as anteriores os usos edificatorios no ámbito rural.

Para tratar de entender a resistencia que a LOUPMR puido xerar na á hora de seren aprobados o plans polos concellos, analizáronse o número de alegacións que tiveron os concellos que se adaptaron. O obxectivo é comprobar se existen diferencias no número de alegacións, dependendo en que tipo de ámbito, urbano ou rural, se sitúe o concello. A hipótese de partida é que os plans aprobados en áreas urbanas deberían ter moitas máis alegacións que os plans aprobados en áreas rurais, pois parece evidente que en áreas urbanas as tensións urbanísticas son moito maiores. Os resultados da análise amósanse na gráfica n.º2.

Gráfica 2. N.º de Alegacións ós plans LOUPMR por conglomerado



Fonte: Banco de Terras de Galicia

O número de alegacións foi dividido pola poboación de cada concello, para poder facelos comparables. Os resultados, tal como se poden observar, non permiten afirmar que exista unha diferenza clara (salvo para os municipios que están no conglomerado 5, os máis periféricos, e onde a presión urbanística é case nula). Sen embargo, para o resto dos municipios, os resultados son moi similares. Por poñer un exemplo, en termos relativos á poboación do municipio, un concello rural como Castroverde recibiu tantas alegacións ó seu plan xeral como Vigo. Os concellos que pertencen ás primeiras e segundas coroas urbanas (conglomerado 2), recibiron incluso menos alegacións que os concellos máis rurais dos conglomerados 3 e 4. Polo tanto, a resistencia, medida en número de alegacións ó plan, da

adopción á LOUPMR por parte dos concellos non parece ser a variable que explique o baixo grado de adopción da lei.

Como conclusión a esta análise das razóns que deron as catro grandes disciplinas que se encargaron de reflexionar sobre o planeamento municipal, cabe dicir que ningunha delas achegou unha interpretación suficientemente convincente que explique a situación do planeamento en Galicia.

5. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Como se tratou de poñer de manifesto ó longo deste traballo, é necesario repensar as implicación sociais e económicas do planeamento, xa que se atopan suficientes indicios como para supoñer que determinadas visións non son o suficientemente explicativas do comportamento dos municipios con respecto ó planeamento. A conclusión máis inmediata desto é que se segue necesitando moita máis investigación para comprender por que o urbanismo segue sendo unha actividade en gran parte residual para a administración local en Galicia.

Vistos os datos achegados e as consideracións feitas sobre eles, é necesaria unha explicación que vaia máis alá das achegas que tradicionalmente se teñen feito en Galicia. Se se centra a atención na LOUPMR e se trata de explicar por que tivo tan baixo grado de adopción nos concellos, a explicación máis simple, pero a máis plausible, é a de que os concellos non viron útil esta lei. Ou en outras palabras, a LOUPMR non lles resolvía ningún problema que os propios concellos considerasen habitualmente como un problema. Isto explica que sexan precisamente os concellos que non tiñan ningún tipo de planeamento, é dicir os que tiñan máis dificultades á hora de expedir licencias debido a longas tramitacións, etc., os que máis vontade mostraran en adoptar a LOUPMR. Ademais, como se observou, son municipios que se sitúan en áreas de Galicia onde existe unha certa actividade económica baseada sobre todo na agricultura, e onde se conceden relativamente máis licencias que nos municipios máis periféricos. Os concellos que non iniciaron a tramitación do plan teñen un plan xeral que para nada era obsoleto no ano 2002, cando se aprobou a LOUPMR. E a outra gran maioría dos concellos tamén teñen un plan, sexa un plan xeral ou sexan unhas sinxelas normas de planeamento municipal, que lles permite xestionar as licencias. O outro gran grupo de municipios que non ten plan, non o necesita porque non ten licencias ou outro tipo de usos que xestionar. Isto explica que nos conglomerados 1 e 2, os máis urbanizados, só hai 6 municipios sen ningún tipo de planeamento, mentras que nos municipios dos conglomerados 3, 4 e 5 atópanse 62 municipios sen ningún tipo de planeamento. De forma complementaria, nos municipios dos conglomerados 1, 2 e 3 atópanse máis dos 2/3 dos plans xerais que hai en Galicia. Hai que volver a incidir que estos datos non son explicables coas vixentes ideas sobre o planeamento en Galicia.

É probable que nesta lexislatura na que nos atopamos se aprobe unha nova lei do solo, a cuarta xa do período autonómico. Que habería que ter en conta á hora de redactar esta nova lei? O máis importante, se o obxectivo é conseguir que esta lei teña difusión, é que os municipios deben ver o planeamento como algo útil, que resolve problemas, e que proporciona beneficios, pois o planeamento é unha tarefa complexa que require algún tipo de compensación (Alexander, Alterman e Law-Yone, 1983). Por outro banda, non hai que esquecer os mecanismos de imposición. Sen embargo, para que estes sexan efectivos necesitan estar, paradoxalmente, lexitimados pola sociedade (Tubío-Sánchez et al., 2012b).

Debido ó feito de que a LOUPMR lexitimou en parte ó longo dunha década de aplicación as obrigas que o planeamento impón, o goberno autonómico podería establecer mecanismos de imposición algo máis drásticos dos que se impuxeron na LOUPMR.

Sen embargo, o máis importante de cara o futuro segue sendo a necesidade de preguntarse, tal como facía Dalda Escudero (2009), para que sirve o planeamento? Que resolve? Como advirte Buitelaar *et al.*, (2007), a ordenación do territorio a nivel local necesita de moita máis acción que a que se lle supón a un plan que só permite ou prohíbe certos usos. Ter aprobado un plan que só se use para xestionar permisos de construción ou de plantación, sen que o plan en certa medida non *obligue* ó municipio a que se pregunte que quere conseguir con eses permisos, non implica nin moito menos unha ordenación efectiva do municipio. Se a resposta que dea a nova lei se basea únicamente na estética, facendo do principal obxectivo do planeamento a loita contra o feísmo, é probable que a próxima lei do solo termine por ser tan ignorada como a LOUPMR.

BIBLIOGRAFÍA

- Aldey Vázquez, J. 2002. "Procesos de urbanización en el medio rural: las periferias urbanas en Galicia", en Universidade de Cantabria [ed.]: *Coloquio de Geografía Rural-Los Espacios naturales entre el hoy y el mañana: actas del XI Coloquio de Geografía Rural*, Santander: Universidad de Cantabria.
- Alexander, E.; Alterman, R.; Law-yone, H. 1983. "Evaluating plan implementation: The national planning system in Israel", *Progress in Planning*, 20: 97-172.
- Álvarez Corbacho, X. 2008. "Os ingresos urbanísticos dos concellos galegos", en S. Lago Peñas e X. Álvarez Corbacho [ed.]: *Territorio, financiamento e control de gasto. Chaves de economía pública galega II*, pp. 63-86. Santiago de Compostela: Editorial Galaxia.
- Castro Martínez, A.; Otero Iglesias, V. 2007. "El urbanismo en las Rías Baixas de Galicia. Sanxenxo como paradigmático ejemplo. Entre el feísmo y la impunidad", *XXII Congreso de Jueces para la Democracia*, Salamanca.
- Consello de Contas de Galicia 2006. *Informe de fiscalización sobre disciplina urbanística. Ejercicios 2005-2006*. Santiago de Compostela: Consello de Contas de Galicia.
- Consello de Contas de Galicia 2003. *Resumo de fiscalizacións horizontais a concellos galegos: urbanismo e gasto de persoal, Área de Corporacións Locais*. Santiago de Compostela: Consello de Contas de Galicia.
- Corbelle Rico, E.; Crecente Maseda, R. "Urbanización, forestación e abandono. Cambios recentes na paisaxe de Galicia", *Revista Galega de Economía*, en prensa.
- Crecente Maseda, R. 2009. "Parroquias e Planificación", en *A parroquia en Galicia, pasado, presente e futuro*, Xunta de Galicia.
- Dalda Escudero, J. 2008. "Entre a confusión e a reforma. O debate público e a situación do urbanismo en Galicia", en Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia [Ed.]: *O espazo litoral*, A Coruña: COAG.
- Dalda Escudero, J. 2009. *Teoría y método del planeamiento urbano*. Departamento de Proyectos Arquitectónicos y Urbanismo. ETSAC.
- de Oliveira, J. A. P. 2002. "Implementing environmental policies in developing countries through decentralization: The case of protected areas in Bahia, Brazil", *World Development*, 30(10): 1713-1736.
- González-Cebrián y Tello, J. 1980. "Plan general de La Coruña: en defensa de la gestión directa", *Obradoiro*, 6: 52-59.
- Halleux, J.; Markcinzak, S.; van der Krabben, E. 2012. "The adaptive efficiency of land use planning measured by the control of urban sprawl. The cases of the Netherlands, Belgium and Poland", *Land Use Policy*, 29: 887-889.
- Jacobs, H. M. 2011. "Rarely managing growth: the under-utilization of land use policy approaches", en David Marcouiller et al. [Ed.]: *Rural housing. Exurbanization, and amenity-driven development: contrasting the "haves" and the "have nots"*, Burlington: Ashgate
- Jacobs, H. M.; Paulsen, K. 2009. "Property rights: The neglected theme of 20th-century American planning", *Journal of the American Planning Association*, 75(2): 134-143.
- Joseph, C.; Gunton, T.; Day, J. 2008. "Implementation of resource management plans: Identifying keys to success", *Journal of Environmental Management*, 88: 594-606.

- Lois-González, R.; Aldrey-Vázquez, J. 2011. "El problemático recorrido de la ordenación del territorio en Galicia", *Cuadernos Geográficos*, 47: 583-610.
- Lubell, M.; Feiock, R.; de la Cruz, E. 2009: "Local institutions and the politics of urban growth", *American Journal of Political Science*, 53 (3): 649-665.
- Masser, S.; Riker, W.; Rosett, R. 1977. "The effects of zoning and externalities on the price of land: An empirical analysis of Monroe county, New York", *Journal of Law and Economics*, 20 (1): 111-132.
- Meilán Gil, J. 2001. "Los núcleos rurales en la ley del suelo de Galicia", *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, A Coruña: Universidade da Coruña.
- Mosquera Lourenzo, C.; de Silva Méndez, C. 2005. "Desfeita urbanística en Galiza: causas e alternativas", *Terra e Tempo*, 136: 11-23.
- Needham, B. 2006. *Planning, law and economics: The rules we make for using land*, Londong: Routledge.
- Pino Vicente, D. 1995. "O planeamento urbanístico: Aproximación á súa problemática no noso país", *Cadernos A Nosa Terra de pensamento e cultura*, 19: 4-10.
- Pino Vicente, D.; Barros Rivas, X.; Sánchez Goyanes, E.; Pérez Rúa, M. 2010. "Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galicia", *Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos*, 2: 1-23.
- Pollakowski, H.; Watcher, S. 1999. "The effects of land-use constraints on housing prices", *Land Economics*, 663: 315-325.
- Precedo Ledo, A. 2006. "La ordenación territorial, ¿una frustración colectiva?", *Criterios*, 7: 142-150.
- Quigley, J.; Raphael, S. 2005. "Regulation and the high cost of housing in California", *American Economic Review*, 952: 323-328.
- Raposo Arceo, J. 2009. "El suelo de núcleo rural en la ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia", en José Luis Meilán Gil [Coord.]: *Comentarios a la ley de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia*. Oviedo: Editorial Aranzadi.
- Rodríguez González, R. 2004b. "Os concellos galegos para o século XXI. Vol.II, Un modelo explicativo: o Concello de Deza ¿utopía e viabilidade?", IDEGA: Universidade de Santiago.
- Rodríguez González, R. 2004. "Tratamento xeográfico e territorial da paisaxe e o espazo rural", en R. Rodríguez González [Coord.]: *Implicacións territoriais e socioeconómicas da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia*. Santiago de Compostela: Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Rodríguez González, R. 2008. "Usos del suelo, ¿ordenación, sostenibilidad o fiscalidad?", en Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia [Ed.]: *O espazo litoral*. A Coruña: COAG.
- Teré Pérez, A. 2010. "El control externo del urbanismo", *Auditoría Pública*, 52: 19-32.
- Torres Luna, M. P., Lois González, R. C. 1995: "Las periferias urbanas de Galicia", *Anales de geografía de la Universidad Complutense*, 15: 435-444.
- Tubío-Sánchez, J.M.; Ónega-López, F.; Timmermans, W.; Crecente-Maseda, R. 2012. "Institutional change in land Planning: Two cases from Galicia", *European Planning Studies*, iFirst article: 1-21
- Tubío-Sánchez, J. M., Crecente-Maseda, R., Buitelaar, E. 2012. "The relationship between the institutional environment and institutional change. The case of the land-use acts of Galicia North-West of Spain and the Netherlands", *Belfast, Ireland, 6th Annual Conference of the International Academic Association on Planning, Law and Property Rights*.
- Villares Paz, R. 1982: *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid: Siglo XXI Editores.

A figura do emprendedor e a súa conceptualización



& **Resumo/Abstract:** O emprendedor precisa ter unha visión clara dos procesos centrais de xestión e amplos coñecementos sobre a toma de decisións para poder levar adiante os seus negocios en forma proactiva. Ao longo do presente artigo desenvolverase o concepto de emprendedor desde as súas orixes e farase un repaso de todos os autores que, durante anos, foron conceptualizando o devandito termo. Desde Cantillon que é o primeiro autor que emprega o termo de emprendedor, pasando por Mill, Say, Walras, Casson, Schumpeter ou ata autores actuais como Audretsch. Tamén se analizará a importancia da figura da empresa familiar. Conclúe o presente artigo cunha definición propia do concepto de emprendedor, tendo en conta todo o desenvolvido anteriormente e achegando unha serie de motivos polos que se chegou a ese concepto de emprendedor.&

& **Palabras clave:** emprendedor, empresa familiar, empresario

1 INTRODUCCIÓN

En termos xerais, un emprendedor é aquela persoa que sabe descubrir, identificar unha oportunidade de negocio en concreto e entón se disporá a organizar ou conseguir os recursos necesarios para comezala e logo levala a cabo. Porén, ata chegar a esta definición xenérica foron numerosos os autores que ao longo dos anos foron conceptualizando o termo de emprendedor. Malia que parece un termo de recente creación, pois os últimos anos se foron afianzando políticas de apoio e fomento ao mundo do emprendemento desde as distintas administracións, a verdade é que é un termo que xorde por primeira vez no século XVII; pois é entón cando Savary (1675) inclúe nos seus traballos a necesidade que teñen os empresarios de busca de novos clientes, o que xera un risco que tiñan que asumir no seu labor empresarial. É Cantillon (1755), porén, o primeiro autor que emprega o termo *entrepreneur*¹ cando sinala manifestamente o papel que ten o empresario na economía.

Say (1803) consideraba que a función principal do empresario era a de “xestionar recursos dunha maneira eficiente a través do coñecemento”, posibilitando un aumento da produción. Stuart (1848) relacionouno coa “asunción de riscos económicos”, idea moi na liña de Cantillon.

Walras² (1874) situouno dentro do marco de estudo da teoría xeral de equilibrio económico e definiuno como unha persoa que “adquire en aluguer a terra, o traballo e o capital, asociándoos para, comprando materias primas a outros empresarios, vender pola súa conta e risco os produtos obtidos”.

2 APORTACIÓNS DE SCHUMPETER, CASSON E AUDRETSCH.

O século XX comeza marcado pola aportación de Schumpeter (1934), que identifica ao emprendedor como unha realidade específica de estudo diferente dos empresarios e directivos de empresa. Casson foi un dos autores que con máis intensidade estudou a figura do emprendedor; desenvolveu as cualidades que debe posuír todo mercado de empresarios, poñendo de manifesto a dificultade que existe para definir obxectivamente tal mercado. Para Audretsch³ (2002) existe un antes e un despois desde Schumpeter, pois construiu unha versión actualizada do papel do emprendedor innovador schumpeteriano: trátase “dun axente disposto a explotar coñecementos que as empresas establecidas consideran afastados do seu negocio central”.

SCHUMPETER

Segundo Schumpeter, “un emprendedor é unha persoa que aglutina un conxunto de recursos de forma novidosa, intentando mellorar a oferta de produtos existentes nun mercado e incorporando a innovación⁴ como concepto intrínseco na creación dunha nova empresa”. O enfoque de Schumpeter sinala ao empresario como motor do desenvolvemento económico.

1 Co termo *entrepreneur* non quere facer mención a propietarios, senón a “persoas que perseguen a posta en funcionamento dun negocio para obter un beneficio”, baseando este nas necesidades existentes no mercado. Realmente poderíase considerar que é o primeiro autor que o emprega.

2 Walras diferencia o concepto de capitalista e o de empresario. O capitalista é o que ten capital e/ou propiedades; mentres que o empresario é un tomador de prezos que aparece cando hai un diferencial de prezos e permanece ata que este diferencial retorna ao seu valor de equilibrio.

3 No pensamento de Audretsch a actividade emprendedora contribúe ao crecemento económico a través da transmisión de coñecemento creado nunha empresa xa existente para unha aplicación diferente.

4 Innovacións que o empresario sitúa no mercado e que poden ser de cinco tipos: de produto, de método de produción, de apertura dun novo mercado, utilización dunha nova fonte de materias primas e, por último, a creación dun tipo de organización industrial.

Para Schumpeter, o mercado aínda non existe polo que é o empresario o que orixina e destrúe os propios mercados, tampouco se axusta a eles porque é el quen os crea e non é unha parte do mecanismo do mercado ou un axente máis, senón que se fala do creador do sistema. “Este modelo de Schumpeter encaixa perfectamente co modelo da empresa creadora de mercado de Coase (1937)” (Del Prado, 2008) e, polo tanto, cos problemas inherentes ao mesmo derivados da súa xestión, da incerteza xerada e da delegación de actividades ou funcións en executivos a soldo.

Segundo Schumpeter pódese considerar como empresario⁵ a calquera persoa que realice innovacións nun dos cinco ámbitos descritos, ben de maneira independente, (por conta propia) ou ben como executivo (empregado) dunha compañía. Polo tanto, considera a estratexia e o comportamento estratéxico como parte fundamental dun empresario, sendo o momento máis oportuno para a introdución de innovacións no mercado cando a economía estea próxima ao equilibrio, de tal maneira que exista unha relativa certeza sobre o futuro económico máis próximo. Se nesta etapa do ciclo económico se conseguen introducir innovacións de éxito, iso animará aos empresarios con menos talento que actuarán inspirados polos máis audaces e serán financiados por capitalistas animados tamén polo éxito dos primeiros emprendedores.

Schumpeter estima que aínda que os empresarios son axentes económicos sometidos ao principio de racionalidade, onde o seu principal obxectivo non reside simplemente en conseguir maiores niveis de beneficio senón que existen outras causas que impulsan a súa actividade, como poden ser o desexo de consumir un soño, a creación dun reino privado e mesmo unha dinastía, a vontade de conquista e de demostrar a valía por enriba do resto ou simplemente o placer de crear ou o anhelos de liberdade e non estar sometido a unha xerarquía.

Nordhaus (2004), estudou o “efecto que xeran as innovacións de tipo schumpeteriano sobre unha economía de mercado, o valor social destas e a súa distribución”, é dicir, sobre os que repercuten os devanditos efectos ou os que son os que se apropian dos mesmos, empresarios, consumidores ou outros axentes. Afirmo que os innovadores se apropian dunha porcentaxe menor da que cabería esperar, debido a que o seu efecto repercute principalmente nos consumidores por medio de prezos máis baixos en bens e servizos.

CASSON

Para Casson, o principal inconveniente atópase na cualidade da decisión, que provoca que a devandita decisión sexa innovadora e permita desenvolver un proxecto empresarial. Por outra parte, “o emprendedor non está detrás de cada actuación desenvolvida pola organización e só cando tras unha decisión se produce un cambio fundamental, se poderá falar de decisións atinadas ou sensatas”, Casson (1982). Os emprendedores están incentivados para facelo cando a recompensa agardada supera o custo de oportunidade da actividade e/ou o salario de mercado noutras actividades, de tal maneira que no curto prazo, a súa remuneración é unha renda de monopolio a consecuencia do uso da información debido á adopción da súa decisión empresarial.

Para Casson (1982) o espírito emprendedor, a capacidade de asumir riscos, de crear unha empresa, é unha condición xeral que pode clasificarse mesmo como macroeconómica,

⁵ Para Schumpeter, o empresario ideal é aquel que crea a súa propia empresa para lanzar a súa innovación.

estrutural, a cal está relacionada co funcionamento xeral de equilibrio dunha economía⁶ e co progreso e a evolución social no seu conxunto. Para este autor existen unha serie de condicións básicas que son necesarias, aínda que non sempre imprescindibles, para asegurarse un mínimo na capacidade de emprender dun individuo particular e ter éxito a súa iniciativa: As potenciais oportunidades deben ter unha expectativa positiva de obter beneficios; un aproveitamento eficiente da familia como fonte de información; a acumulación de información sobre a actividade da empresa e a aprendizaxe continua.

Casson afirma que gran “parte do comportamento do emprendedor⁷ debe ser considerado como o conxunto de actividades desenvolvidas polo empresario para superar as barreiras de entrada existentes na actividade empresarial e, en definitiva, no estudo das estratexias postas en marcha polos emprendedores para superalas”.

“A teoría do emprendedor é un caso particular da teoría xeral do progreso económico e social, onde confluirán aspectos económicos e sociolóxicos”, como en tantos outros ámbitos e obxectos de estudo das ciencias sociais. Este dobre carácter abre unha vez máis a vella cuestión sobre cal das dúas vías tería que prevalecer, a económica ortodoxa que pretende emular ás ciencias exactas, ou a social, cos seus postulados evolucionistas que poderían levar cara unha bioloxía económica. A mellor forma de obter maiores e mellores resultados é a de manter ambas as dúas correntes de investigación abertas, iso si, por separado, como afirma Casson (1982).

AUDRETSCH

Audretsch considera que o emprendedor é o axente do cambio que mediante a toma dunha posición de risco acelera a xeración e aplicación das ideas innovadoras na economía, debendo estar a actividade da empresa ligada a un contexto local e dentro deste contexto pódese vincular cos viveiros de empresas, ao ser un instrumento de política económica que fomenta a actividade emprendedora nun territorio.

A importancia que tiña o coñecemento xa a salientara Audretsch (1995) ao centrarse máis no traballador individual (ou grupo de traballadores) do coñecemento. A cuestión relevante é como os axentes económicos dunha dotación dada de novo coñecemento poden apropiarse do mellor modo dos rendementos dese coñecemento. Cando se opta por crear unha empresa para comercializar ideas que doutro modo permanecerían latentes na empresa xa existente, a actividade emprendedora constitúese como unha canle de transmisión de coñecemento e de xeración de externalidades do mesmo (Audretsch, 2009).

A prosperidade económica foi relacionada coa capacidade emprendedora por moitos estudos e mesmo pola opinión pública. A formalización da iniciativa emprendedora como motor de crecemento foi realizada por Audretsch e Keilbach (2004), que formulan un modelo de crecemento económico onde a capacidade emprendedora aparece como un factor produtivo dentro dunha función de produción clásica (Callejón e Ortún, 2009). Así, o emprendemento xorde como unha forza impulsora do devandito desenvolvemento servindo como unha importante canle de transmisión das externalidades do coñecemento facilitando a comercialización.

6 O equilibrio dunha economía é resultado da interacción entre emprendedores ou empresarios e entre aqueles que teñen éxito e os que fracasan.

7 O emprendedor ideal ten que ser capaz de superar todas esas barreiras e ademais debe ter a capacidade de destacar entre os seus iguais. Capacidade de negociación, habilidade para xestionar unha organización económica, capacidade de innovación e a capacidade comercial e de difusión ou publicación son, a grandes trazos, esas características xerais que debería posuír o emprendedor ideal.

Unha das aportacións interesantes enunciada por Audretsch e Thurik (2000) é a relación positiva entre o desemprego e a creación de empresas, debido á presenza dun amplo conxunto de desempregados con coñecementos que lles permiten ter as aptitudes necesarias para converterse en empresarios e aínda que ás veces o que empuxa a ser emprendedor é a situación de desemprego, se estes non tivesen cualidades e coñecemento para levar a cabo unha idea empresarial, non sería posible levala a cabo .

Na intensa aportación realizada ata a data, Audretsch (2010) resalta que un emprendedor ten como principal función a de combinar recursos, con especial atención aos coñecementos para organizar a súa empresa.

3 A EMPRESA FAMILIAR

A familia considérase a institución social máis importante, xa que nela se forxa a nosa personalidade e desenvolvemento persoal. Actualmente, as empresas familiares crean o maior autoemprego de calquera rexión ou país. Del Prado (2008) argumenta que a maioría das organizacións empresariais xorden como entidades familiares e, a medida que a súa actividade se vai consolidando, se enfrontan ás restricións derivadas da obtención de recursos financeiros e de man de obra. O crecemento da empresa esixirá novas necesidades como son a busca de novos mercados, a diversificación da produción, a externalización dalgunhas fases produtivas, etc. de tal maneira que a empresa irá gañando complexidade e necesitando máis recursos humanos e financeiros.

Ademais, o empresario que dá emprego a membros da súa familia ten un gran control sobre eles e, ademais, o autoempregador recorrerá á familia cando necesite capital xa que moitas veces é máis doado obter crédito na familia que nos mercados. O emprendedor conta con moita máis información que noutras condicións, como por exemplo no caso das empresas tradicionais, no que fai referencia ao coñecemento dos empregados por parte do empresario, segundo Buckley e Casson (1976).

“A maioría das organizacións empresariais xorden a raíz de empresas familiares”, é evidente que tamén o fan como asociación de socios que crean unha sociedade (Casson, 1982). Embid e Salas (2005) afirman que, asiduamente, “no chamado capitalismo de familias, as personas que alcanzan o cume do poder das grandes empresas fano debido a institución da herdanza ou ás relacións sociais e non ao mérito propio”. Por outra parte nas empresas nas cales existe un accionista principal ou de control, que con frecuencia coincide co fundador, a toma de decisións implicará menor risco para a viabilidade da empresa. Se ben se pode afirmar que o control das empresas por parte das familias limita de forma significativa a capacidade de crecemento destas.

A maioría de autores anglosaxóns, como por exemplo Drucker (1995), consideran que os traballadores pertencentes á familia teñen que realizar as súas obrigas coa mesma intensidade e éxito que os non pertencentes á mesma. Malia iso, as empresas familiares exitosas necesitarán de forma irremediable incorporar directivos nos postos de maior responsabilidade que non pertencan á mesma.

4 OTRAS APORTACIONES AL CONCEPTO DE EMPREENDEDOR

A mediados do século XX, destacan dúas interesantes contribucións. Por un lado Hayek (1949), que argumenta que “o mellor método para resolver a problemática da eficiencia na empresa consiste en canalizar a maior cantidade de información da mellor calidade posible

aos axentes económicos que a necesiten". Por outro lado, Andrews (1949) considera que o crecemento das empresas dependerá basicamente das cualidades individuais do empresario. Tamén dependerá da habilidade dos executivos para observar novas vías de expansión, novos proxectos e da propia habilidade do empresario para adaptar a estrutura, o persoal e a dimensión da organización aos novos retos.

Stigler (1961) definiu un modelo baseado "no tipo de información accesible, que considera que os emprendedores se diferencian entre si pola calidade da información sobre a que teñen acceso".

Na década dos setenta, Shapero (1977) define ao "empendedor como unha persoa que toma a iniciativa de organizar uns medios determinados, de modo concreto e para obter un fin concreto. Esta empresa así formada goza de relativa autonomía e a persoa que tivo a idea dirixe e asume o risco. Se todo funciona, o éxito pertencelle por completo e se pola contra fracasa, será un fracaso persoal".

Leibenstein (1978), coa súa teoría da eficiencia, parte da idea de que o medio en que opera o empresario é ineficiente, onde "a eficiencia X é o grao de ineficiencia na asignación de recursos que se dá nunha empresa ou tamén a marxe que lle separa da súa produción óptima ou ideal". Para este autor existen custos de tipo psicolóxico que dificultan que os individuos poidan aproveitar todas as posibilidades existentes, así como que sexan capaces de atender e superar todas as restricións ou limitacións existentes.

Vesper (1990) establece que "un empendedor é unha persoa que converte recursos, traballo, materiais e outros activos en combinacións que fan que o seu valor sexa superior á súa situación previa, á vez que introduce cambios, innovacións e establece unha nova orde", o empendedor o que xera é un valor engadido.

Baumol (1982) realiza outra das aportacións salientables coa teoría dos mercados impugnables ou contestables⁸. Ademais, ao seu xuízo, o empendedor debe ter unha iniciativa á hora de levar a súa idea adiante, posuír un carácter resolutivo e, por último, estar disposto a afrontar dificultades e incertezas, Baumol (1968).

Sweeney (1982) considera que un elemento esencial na nova empresa é o empendedor que asume os roles de creador, propietario e director do negocio. Obsérvase na definición de Sweeney como o empendedor non só é propietario da empresa, senón que ten que liderar o negocio no que está involucrado.

Ronstadt (1984) considera que "os emprendedores son individuos que asumen importantes riscos en termos de capital, tempo e/ou o compromiso da súa carreira profesional proporcionando valor a través dos produtos ou servizos, que pode ser novo ou exclusivo, pero o valor debe ser infundido dalgunha maneira polo empresario ao localizar e obter as habilidades e recursos necesarios". A definición de Ronstadt considera que o empendedor arrisca non só diñeiro, senón tamén prestixio e que proporciona un valor á sociedade.

Drucker (1985) describe a un "empendedor como un individuo que explota oportunidades creadas polos cambios no seu medio". Da definición de Drucker despréndese que os cambios veñen do medio e que o empendedor é un oportunista que sabe adaptarse ao cambio.

⁸ Os mercados impugnables e contestables son aqueles nos que entran novas empresas e conseguen sobrevivir neles e que se fundamenta na hipótese de que existen mercados competitivos aínda que participen neles un número reducido de empresas.

Pinchot (1985) define a un emprendedor como “un soñador que fai, quizais haxa un creador ou inventor, pero sempre é o soñador que converte unha idea nunha realidade aproveitable”. Ademais, Pinchot agrega que os emprendedores son que poden tomar unha idea e facerse responsables de innovar e de obter resultados.

Marchesnay e Julien (1988) describen ao empresario como “unha persoa capaz de transformar os acontecementos en oportunidades”. Esta definición un tanto xenérica, converte ao emprendedor nun visionario capaz de facer o que outros non son capaces de ver ou facer.

Para Gerber (1997) o emprendedor é “o visionario, o soñador, o catalizador do cambio, o innovador, o creador de novos métodos para penetrar nos mercados ou para equipararse cos grandes líderes empresariais”.

Carton et al. (1998) consideran ao emprendedor como “aquele individuo ou equipo de persoas que identifica unha oportunidade de negocio e posteriormente reúne os recursos necesarios para crear unha empresa, sendo o último responsable das consecuencias e o desenvolvemento da organización”. Refírense a un individuo ou equipo de persoas porque consideran que unha iniciativa empresarial pódela formar varios.

Varela (1998) salienta que “o emprendedor no proceso de liderado creativo inviste diñeiro, tempo, coñecementos e participa na montaxe e operación do negocio, arriscando os seus recursos e o seu prestixio persoal pero buscando recompensas monetarias e persoais”.

O século XXI, desde o punto de vista empresarial e do emprendemento, é unha continuación do século anterior. Así, está a definición de Schaper (2002) que establece que os emprendedores son persoas que conciben novas oportunidades de negocio e que asumen os riscos necesarios para converter esas ideas en realidade, que as persoas emprendedoras se poden atopar en todos os sectores da sociedade, como xa estaba implícito nas definicións de autores como Shapero (1977), Ronstadt (1984), Drucker (1985) ou Vesper (1990). Tradicionalmente, o concepto de emprendemento estivo estreitamente vinculado coa xestión de pequenas empresas, pero os empresarios tamén se poden atopar dentro das grandes corporacións, onde axudan a crear novas divisións de negocio e produtos, e producir alteracións no interior das operacións.

Mulcahy (2003) cingue ao emprendedor a un concepto empresarial xa que o considera unha persoa que emprende ou controla un negocio ou empresa e asume o risco de ganancia ou perda.

Lückgen et al. (2006) definiron os emprendedores como “persoas que están, sos ou con outros, activamente involucradas no nacemento dunha nova empresa e que agardan ser propietarios ou copropietarios do devandito negocio, combinando a implicación persoal co interese por posuír unha parte do negocio”.

En efecto, o emprendedor xorde como “un aproveitador de oportunidades (García e García, 2007) e non como un mero tomador de prezos, recibindo o beneficio como consecuencia das diferenzas de valor entre o que o mercado estaría disposto a pagar por un produto e o que o emprendedor calcula que lle custaría comercializalo”.

Silva (2009) sinala ao emprendedor como “unha persoa que inicia unha empresa, o emprendedor é quen aborda a aventura dun negocio innovador, organiza, busca capital para financialo e asume toda ou a maior acción de risco”.

Amatori (2010) considera que o emprendedor poida ser “alguén por conta propia ou mesmo cun par de empregados que estea en condicións de ser moi sensible ante as

demandas do mercado, personalizando e adecuando as súas accións nun nicho específico de mercado”.

Kauanui et al. (2010) determinaron que os emprendedores tiñan dous puntos de vista con relación ao éxito na súa empresa: para un grupo o diñeiro é o obxectivo de emprender; mentres que para outro grupo era un desenvolvemento pleno, definindo o éxito en relación co seu propio proceso de desenvolvemento individual. Consideraron que o emprendedor si busca xeralmente unha recompensa económica pola posta en marcha da súa iniciativa empresarial, pero falar de que o diñeiro é o máis importante afasta esta definición dun rigor científico que non se pode considerar como válida.

CONCLUSIÓNS

Unha vez presentadas as aportacións teóricas relevantes, estamos en condición de propoñer unha definición comprensiva do concepto de emprendedor: “unha ou varias persoas que queren crear unha empresa ou constituírona recentemente buscando satisfacer as necesidades do cliente a través dun servizo ou un produto, xerando un dereito de cobro, xestionando para iso uns recursos (humanos, financeiros, materiais, etc.) que xeran unha obriga de pagamento e obtendo un resultado empresarial”

Da definición anterior despréndense os seguintes comentarios: en primeiro lugar, o emprendedor pode actuar só ou en compañía, sendo cada vez máis habitual a creación de empresas con varios socios. En segundo lugar, non ten por que ter constituído a empresa, xa que un emprendedor cando entra nun viveiro ou pide axuda a outras institucións⁹ para elaborar o plan de empresa pode necesitar un tempo razoable para a creación final da empresa e considérase que xa é un emprendedor na medida que ten a intención de constituir unha empresa e só deixaría de selo no momento en que chegue á conclusión de que non é viable a iniciativa empresarial e abandona a idea. En terceiro lugar, non se limita explicitamente o concepto de emprendedor ao de pequena empresa, pois se un empresario de gran experiencia e recoñecido prestixio crea un negocio novo estaría emprendendo, aínda que o concepto de emprendedor adoita asociarse ao de pequena iniciativa empresarial que está comezando no mundo da empresa.

En cuarto lugar, na definición de emprendedor, implicitamente considérase que o emprendedor quere ser propietario ou éo, pois crear unha iniciativa empresarial implica ter unhas participacións ou unhas accións da empresa. Non se entra a valorar a porcentaxe de participación que teña cada emprendedor para determinar quen é emprendedor ou non o é e admitindo interesante a implicación persoal do emprendedor no concepto de Lückgen et al. (2006), é difícil limitar a un emprendedor pola súa implicación persoal¹⁰.

En quinto lugar, o emprendedor busca satisfacer a un cliente a través dun servizo recibido ou un produto adquirido. O cliente ten a expectativa previa de satisfacer unha necesidade, por iso adquire o produto ou contrata o servizo o cal non implica que se quede satisfeito. Porén, se o mercado non queda o suficientemente satisfeito o que ocorrerá é que non repitan a compra ou a contratación do servizo e a devandita iniciativa empresarial rematará pechando. Por tanto calquera emprendedor ten que ter unha clara visión comercial, pois non hai empresa sen cliente.

9 IGAPE, cámaras de comercio, confederación de empresarios, etc.

10 Na práctica, a maioría dos emprendedores que constitúen unha empresa adoitan ter unha implicación persoal no proxecto e sería tecnicamente moi difícil ter estatísticas fiables referidas á implicación persoal.

En sexto lugar, ten que haber unha transacción económica con contraprestación entre o cliente e a empresa polos servizos prestados ou a venda do produto.

En sétimo lugar, xestiona uns recursos que ha de retribuir coa súa obriga de pagamento. Como mínimo hai o recurso humano propio e financeiro, pois a economía móvese con diñeiro. Podería xestionar outros recursos como físicos (instalacións) ou móbiles (elementos de transporte), etc. Polo tanto, o empresario necesita uns recursos que teñen un custo para a organización empresarial.

En oitavo lugar, considérase que o coñecemento e a información están encadrados na xestión dos recursos humanos (incluída a do emprendedor) e canto máis talento teñan, máis coñecementos e máis motivados estean será mellor para a organización empresarial, xa que toda empresa necesita dunha eficiente xestión do coñecemento a través dos seus recursos humanos (contratados ou autoempregados).

En noveno lugar, obtense un resultado, o cal pode ser positivo ou negativo. Existen casos de iniciativas empresariais con beneficio cero e continuar a devandita iniciativa empresarial debido a que lle proporciona un salario ao emprendedor polo desempeño realizado na empresa, así como cotizar á Seguridade Social a cal lle concede unha serie de dereitos como xubilación, dereito á sanidade e prestación por desemprego se a iniciativa fose mal. Tamén puidera ser que teña unha expectativa de beneficio a futuro ou que a súa rendibilidade veña pola venda da empresa máis que pola súa conta de resultados¹¹.

Considérase que non se deben incorporar certos atributos ou características do emprendedor que podendo ser de sumo interese, non están presentes en todos os emprendedores.

1. A innovación. Sen cuestionar a gran aportación realizada por Schumpeter (1934) nin negar a importancia da innovación, non se considera imprescindible vincular ao emprendedor coa innovación. Así, Ely e Hess (1937) argumentaban que un emprendedor pode ter moito éxito organizando eficientemente un negocio sen que iso supoña inventar nada. Considérase moi positivo innovar, pero desde un punto de vista conceptual se unha persoa decide abrir unha tenda de comestibles que aparentemente non ten moito de innovador, tecnicamente fálase dun emprendedor¹².

2. Non resulta interesante incluír características persoais no concepto de emprendedor como a de ser un visionario, un soñador, un comunicador, ou ter Don de xentes, moi presentes nas definicións de Gerber (1997) ou Pinchot (1985), aspectos dificilmente cuantificables.

3. Tampouco se considera axeitado incluír o concepto de oportunista ou que detecta unha oportunidade, tal como o consideran Drucker (1985), Marchesnay e Julien (1988), Carton et al. (1998), Sahlman et al. (1999), Schaper (2002). Non se ten interese en distinguir se un emprendedor éo por oportunidade ou por necesidade, pois na práctica non supón diferenza ningunha que fose por haber detectado unha oportunidade ou pola necesidade de levar a cabo unha iniciativa empresarial dado que non atopaba traballo no mercado laboral.

¹¹ Existen casos que crean a súa propia empresa porque aporta un servizo que eles valoran satisfactorio, aínda cando o resultado empresarial puidese ser negativo. O cal non quita que por racionalidade económica o emprendedor deba agardar unha recompensa pola posta en marcha da súa iniciativa empresarial.

¹² Ademais o concepto de innovación é difícil de acoutar e ponderar; de feito, na maioría dos viveiros de empresas valórase a innovación do proxecto pero ningunha foi capaz de establecer un baremo obxectivo ou ampararse nunha definición acoutable.

4. Algúns autores fan fincapé no risco no que incorren, como Baumol (1968), Ronstadt (1984), Mulcahy (2003). Sen dúbida, os emprendedores incorren nalgún risco, mesmo algúns nun risco moi alto, pero este é moi dispar entre os emprendedores.

BIBLIOGRAFÍA

- Amatori, F. 2010. «Determinants and typologies of entrepreneurship in the history of industrial Italy», en The determinants of entrepreneurship. *Leadership, culture, Institutions*. Editado por García-Ruiz, J. L. e Toninelli, P. A. «Perspectives in economic and social history». N° 7. *Pickering & Chatto*, Londres.
- Andrews, P. 1949. *Manufacturing Business*. Macmillan. Londres.
- Audretsch, D. 1995. *Innovation and Industry Evolution*. MIT Press, Cambridge, Massachusetts.
- Audretsch, D. 2002. «Entrepreneurship: A survey of the literature», elaborado para la *Comisión Europea, Dirección General de Empresa*, Institute for Development Strategies, Indiana University and Centre for Economic Policy Research (CEPR). London.
- Audretsch, D. 2009. «Capital emprendedor y crecimiento económico». *Investigaciones Regionales*, Núm. 15, 2009, pp. 27-45. Asociación Española de Ciencia Regional. España.
- Audretsch, D. 2010. *Globalization and the emergence of the entrepreneurial society*, en Entrepreneurship and Regional Development. *Local processes and global patterns*, Ed. by C. Karlsson, B. Johansson and R. R. Stough: *New Horizons in Regional Science*, EE Publishing Limited, Cheltenham, UK.
- Audretsch, D. e Keilbach, M. 2004. «Entrepreneurship Capital and Economic performance». *Regional Studies*, vol. 38.8, pp. 949-959.
- Audretsch, D. e Thurik, A. 2000. «Capitalism and democracy in the 21 St. Centuries: from the managed to the entrepreneurial economy». *Journal of Evolutionary Economics*, vol. 10, pp. 17-34.
- Baumol, W. 1982. «Contestable markets: an uprising in the theory of industry structure». *American Economic Review*, n° 72, vol. 1, pp. 1-15.
- Buckley, P. y Casson, M. 1976. *The Future of the Multinational Enterprise*. Holmes & Meier. New York.
- Callejón, M. y Ortún, V. 2009. «La caja negra de la dinámica empresarial». *Revista de Investigaciones Regionales*, pp. 167-189.
- Cantillon, R. 1755. *Essai sur la Nature du Commerce en Générale*. Macmillan. Londres (1931).
- Carton, R.; Hofer, C. y Meeks, M. 1998. «The entrepreneur and the entrepreneurship: Operational differences of their role in society». *ICSB Singapore Conference Proceedings*.
- Casson, M. 1982. *The entrepreneur, an economic theory*. Martin Robertson. Oxford.
- Coase, R. 1937. «The nature of the firm». *Economics* (N. S.), vol. 4, n° 16, pp. 386-405.
- Del Prado, J. 2008. *Emprendedores y función empresarial en España*. Colección Tablero. Instituto de Estudios Económicos. Madrid.
- Drucker, P. 1985. *Innovation and Entrepreneurship: Practice and Principles*. Heinemann Publishing, Portsmouth (New Hampshire).
- Drucker, P. 1995. «How to save the family business». *The Wall Street Journal*, 23 de agosto.
- Ely, R. y Hess, R. 1937. *Outlines of Economics*. MacMillan, 6ª Edition. New York.
- Embid, J. e Salas, V. 2005. «El gobierno de los grupos de sociedades». Documento de trabajo 64/2005, 19/06/2005. *Laboratorio de la Fundación Alternativas*. Madrid.
- García, A. M. e García, M. G. 2007. «Diferencias culturales y comportamiento emprendedor: un análisis cross-cultural intrapaís». *Revista Europea de Dirección y Economía de la Empresa*. Vol. 16, n° 4, pp. 47-68.
- Gerber, M. 1997. *El mito del emprendedor. ¿Por qué no funcionan las pequeñas empresas y qué hacer para que funcionen?* Paidós. Barcelona.
- Hayek, F. 1949. «The meaning of competition», en Hayek, F. (1959), *Individualism and Economic Order*. Routledge and Kegan Paul. Londres, pp. 92-106.
- Hisrich, R.; Peters, M. e Sheperd, D. 2005. *Entrepreneurship*. McGraw-Hill/Interamericana de España, 6ª Edición, Madrid.
- Kauanui, S.; Thomas, K.; Rubens, A. e Sherman, C. 2010. «Entrepreneurship and Spirituality: A comparative analysis of entrepreneurship' motivation». *Journal of Small Business and Entrepreneurship*. Tomo 23, N° 4.
- Leibenstein, H. 1978. *General X-efficiency Theory and Economic Development*. Oxford University Press. Nueva York.

- Lückgen, I.; Oberschachtsiek, D.; Sternberg, R. e Wagner, J. 2006. «Nascent entrepreneur in German regions» en Fritsch, M. y Schumede, J. (Eds): *Entrepreneurship in the region*. International Studies in Entrepreneurship, Springer, Berlin.
- Marchesnay, M. e Julien, P. 1988. «Competitivité de la petite entreprise: facteurs et conditions», *Informe presentado al ministerio de Investigación y Enseñanza Superior de Francia*, ERFI, Montpellier.
- Mulcahy, K. 2003. «Entrepreneurship or Cultural Darwinism? Privatization and American Cultural Patronage». *The Journal of Arts Management, Law, and Society*, USA.
- Nordhaus, W. 2004. «Schumpeterian profits in the American economy: theory and measurement». *Working Paper n° 10.433*, National Bureau of Economic Research (NBER). Cambridge. Massachusetts.
- Pinchot, G. 1985. *Intrapreneuring*. Harper & Row, Publishers, New York, USA.
- Ronstadt, R. 1984. *Entrepreneurship*. Lord Publishing. USA.
- Sahlman, W.; Stevenson, H.; Roberts, M. e Bhidé, A. 1999. *The entrepreneurial venture*. Segunda edición. Harvard Business School Press, Boston (Massachusetts).
- Savary, J. 1675. *Le parfait négociant ou Instruction générale pour ce qui regarde le commerce des marchandises de France et des pays étrangers*. J. Guignard. Paris.
- Schaper, M. 2002. «The essence of entrepreneurship». *GMI Theme Issue: Environmental Entrepreneurship*. Curtin University of Technology, Australia, Greenleaf Publishin.
- Schumpeter, J. 1934. *The Theory of Economic Development*. Harvard University Press. Cambridge. Massachusetts.
- Say, J. 1803. *Traité de Economie Politique*, Edición de 1972, Calmann-Lévy Éditeur. París
- Shapero, A. 1977. *The role of the entrepreneurship in economic development at less than national level*. Office of Economic Research, Economic Development Administration, U.S. Dpt. of Commerce, Washington.
- Silva, J. 2009. *Emprendedor. Crear su propia empresa*. Alfaomega, México.
- Stigler, G. 1961. «The economics of information». *Journal of Political Economy*, n° 69, pp. 213-25.
- Stuart, J. 1848. *Principles of Political Economy: with some of their applications to social philosophy*. Hackett Publishing, United States.
- Sweeney, G. 1982. *Les nouveaux entrepreneurs*. Les édiitons d´organisation. Paris.
- Varela, R. 1998. *Innovación empresarial: Un nuevo enfoque de desarrollo*. ICESI 5ª ed. Cali. Colombia.
- Veciana, J. 2005. *La creación de empresas. Un enfoque gerencial*. Colección Estudios Económicos, n° 33. La Caixa. Barcelona.
- Vesper, K. 1990. *New Venture Strategies*. Englewood Cliffs. NJ: Prentice Hall.
- Walras, L. 1874. *Éléments d'économie Politique Pure ou Théorie de la Richese*. Traducción al castellano: Elementos de economía política pura. Ed Alianza. Madrid.

M. EN C. JOSÉ DE JESÚS JAIME GUZMÁN_jesusjaimeguzman@hotmail.com_Médico adscrito al servicio de Epidemiología del Hospital General de Zacatecas, México
JOSÉ G. VARGAS-HERNÁNDEZ_jvargas2006@gmail.com_Centro Universitario de Ciencias Económico Administrativas_Universidad de Guadalajara_[39_47]

Modelo “plural-integral” de atención primaria á saúde e satisfacción dos usuarios



& *Resumo/Abstract: O presente traballo ten como finalidade propoñer a implementación dun Modelo Plural-integral de Atención Primaria á Saúde en México que axilice o ingreso das persoas a estes servizos e garanta a satisfacción dos usuarios. Métodos: levouse a cabo unha revisión e análise crítica de bibliografía sobre o tema para mellorar a proposta. Achados: en diversos países estanse implementando sistemas de atención á saúde orientados á Atención Primaria e están obtendo mellores resultados sobre a saúde da súa poboación e son máis eficientes. Conclusións: para mellorar a calidade da Atención Primaria á Saúde (APS) en México, propónse a implementación dun Modelo Plural- integral que permita a libre elección do médico ou sistema de atención que o paciente ou a súa familia decida, que conte con financiamento público ou mixto segundo o caso e conte cunha garantía de calidade técnica certificada. &*

& *Palabras clave: atención primaria á saúde, calidade da atención, satisfacción de usuarios*

1. INTRODUCCIÓN

A iniciativa de realizar o presente traballo xorde da necesidade percibida de mellorar a satisfacción dos usuarios dos servizos de Atención Primaria á Saúde (APS) en México, considerándose se require lograr unha maior flexibilidade no acceso ao sistema mediante a utilización dun Modelo "Plural" e integral que por un lado axilice o ingreso das persoas a estes servizos e polo outro garanta un estándar de calidade e aumente o seu nivel de satisfacción. Polo tanto realizouse unha revisión da información existente acerca do tema que permita introducirse nel e xerar unha proposta que cambie os paradigmas establecidos ao respecto da tradicional oferta dos servizos de APS no país.

A Atención Primaria á Saúde (APS) é a vía de entrada máis importante ao Sistema Nacional de Saúde e o feito de que sexa factor de satisfacción dos que acceden a ela é un indicador da calidade coa que se outorga este servizo nas diversas institucións que o integran. O actual modelo de APS, existente en México é outorgado principalmente polas institucións de Seguridade Social (Instituto Mexicano do Seguro Social (IMSS) e Instituto de Seguridade e Servizos Sociais para os Traballadores do Estado (ISSSTE), Petróleos Mexicanos (PEMEX), Secretaría da Defensa Nacional (SEDENA), e para os que non contan con seguridade social existen a Secretaría de Saúde (SSA) e o programa IMSS oportunidades.

O endurecemento da lexislación provocou unha migración de usuarios a plataformas internacionais como *Google* e *YouTube*, entre outras, que se negaron a poñer en práctica os controis solicitados polo goberno, co fin de evadir a limitación no ciberespazo local. Este caso reflicte o poder dos internautas en Corea, o desafío que representan para o goberno e a dispoñibilidade de recursos do ciberespazo global para escapar á dominación no nivel nacional.

4. OHMYNEWS: XORNALISMO CIDADÁN ONLINE

OhmyNews (<http://www.ohmynews.com>) é un dos sitios de xornalismo cidadán pioneiro e máis coñecido a nivel mundial que creou un modelo novidoso baseado en cidadáns reporteiros e editores profesionais.

O 22 de febreiro do ano 2000, o xornalista Oh Yeon-ho abriu o sitio *OhmyNews* prometendo que sería o primeiro diario verdadeiramente interactivo do mundo (Oh, Y., 2006: 214). Baixo a consigna "cada cidadán é un reporteiro"⁷, Oh reuniu 727 persoas para levar adiante unha fase de proba. A idea orixinal era ofrecer un punto de vista alternativo e

⁷ No artigo "The Revolt of 727 News Guerrillas", *OhmyNews*, 22 February 2000, Oh Yeon Ho formula os obxectivos e a forma que adoptará a páxina. Dispoñible en: <http://english.ohmynews.com/articleview/artic_le_view.asp?no=153109&rel_no=1>. Acceso: 24 de novembro de 2011.

acadar unha forma máis liberal de introducir noticias que se contrapuxese coa dos medios de prensa conservadores. Para reunir o capital necesario para a creación do sitio, o titular vendeu a súa casa e recibiu financiamento de cinco empresarios aíns. Convocou a deseñadores de páxinas web amigos para colaborar co deseño e cos códigos do sitio. Como primeiro paso, o fundador orientouse a cambiar o rol do xornalismo e a desmitificar a profesión de xornalista.

Imos cambiar a cultura de produción, distribución e consumo das noticias todos xuntos. [...] Os xornalistas non son especies exóticas. Son todos aqueles que buscan novos desenvolvementos, poñelos por escrito, e compartilos cos demais. Esta verdade común foi trepada nunha cultura onde ser xornalista é visto como un privilexio do que se pode gozar (Oh, Y., 2000: parágrafo. 4).

O éxito foi inmediato e recaeu na habilidade dos usuarios de manexar as ferramentas que ofrecía internet. Tres anos despois da súa fundación, en febreiro de 2003, *OhmyNews* empregaba corenta e cinco persoas, que formaban parte do equipo laboral permanente, e vinte e tres mil cidadáns reporteiros, e ubicábase no número seis do ranking dos medios máis influentes de Corea.

O modelo de *OhmyNews* incluía incentivos monetarios para os reporteiros cidadáns. Se un artigo se publicaba o autor podía recibir o equivalente de ata 20 dólares norteamericanos en calidade de retribución, dependendo do lugar de importancia que ocupase o artigo no sitio: unha historia na páxina principal recibía 20, unha publicada nas seccións enlazadas á páxina principal (entrevistas, entretemento, internacionais, ciencia e tecnoloxía), 10, e un escrito curto sen sección recibía 2 dólares. Ademais, os lectores podían facer doazóns de ata 54 dólares para artigos e enviar o diñeiro *online* ou a través dos seus teléfonos celulares. Entre 2000 e 2002, o sitio creceu inmensamente. Menos dun ano despois do seu lanzamento, en setembro de 2000, contaba con cinco mil xornalistas cidadáns. En novembro do ano seguinte, o número aumentara a quince mil. O persoal dedicado á edición tamén creceu, pasando de catro en 2000 a cincuenta e tres en 2003 e noventa e cinco en 2006. Os visitantes por día tamén ascenderon chegando a millóns nos casos de acontecementos destacados. A porcentaxe de mozos reporteiros tamén é significativo. 83% dos cidadáns xornalistas están baixo a idade de 40, e un terzo son estudantes: 2,9% na escola intermedia, un 4,3% na escola secundaria, un 22,4% na universidade, e un 3,8% en posgrao. Esta xeración coñeceuse como a xeración de 2030 a causa das súas idades.

A comunicación entre os xornalistas e os lectores é unha faceta importante do sitio *OhmyNews* e das tecnoloxías Web 2.0 en xeral. A diferenza dos xornais tradicionais, onde o xornalista e o lector rara vez interactúan, neste caso os cidadáns reporteiros e os lectores teñen múltiples oportunidades para compartir os seus puntos de vista. Ao igual que una entrada de *blog*, cada artigo ten unha sección de comentarios onde os lectores poden deixar a súa opinión. Na páxina na que o artigo se amosa tamén hai un enlace á dirección de correo electrónico do autor, que os lectores poden empregar para poñerse en contacto co reporteiro, remitindo preguntas, críticas ou correccións. Ademais, poden deixarse comentarios *online*, ler os comentarios doutros, compartir o artigo enviándoo por *e-mail* e obter información acerca da cantidade de visitas que obtivo a nota, algo que é cada vez máis frecuente nas manifestacións web dos medios tradicionais.

Imaxe 3. Páxina principal do sitio OhmyNews



O papel informativo de *OhmyNews* viuse influenciado polas características da prensa de Corea do Sur. O entorno de medios de comunicación no que xurdiu caracterizábase pola preeminencia de tres xornais de orientación conservadora -Chosun Ilbo, Dong-A Ilbo, JoongAng Ilbo- que acaparaban o 80% da circulación do mercado. Pola contra, *OhmyNews* identificábase cun xornalismo progresista, aberto e liberal, afastado da prensa tradicional, que provía unha fonte alternativa de noticias dirixida, fundamentalmente, ás xeracións máis novas, non só polo emprego de internet senón porque foi capaz de informar cuestións ignoradas polos medios tradicionais. Un exemplo diso foi a mencionada morte das dúas nenas causada por un vehículo militar dos Estados Unidos en xuño de 2002. A experiencia coreana, baseada na participación a través de internet especifica a poderosa combinación de cidadáns e ciberespazo, e a potencialidade da formación dunha nova esfera pública na era da información.

4.1 OhmyNews e activismo político

OhmyNews proporcionou á xente común unha plataforma para a deliberación en liña, mediante a retroalimentación activa e a interacción cos seus lectores. A importancia do portal no plano político demostrouse en varias ocasións que involucraron acontecementos de importancia política. A manifestación de candeas de 2002 e a elección presidencial do mesmo ano, son algúns deles. No primeiro día de vixilia, o 30 de novembro, os visitantes de *OhmyNews* deixaron mil catrocentos dez comentarios na nota “vixilia por Hyo-sun e Mi-soon”, moitos deles instando á acción “fóra de liña”, é dicir, convocando á manifestación. Houbo protestas significativas cando un tribunal militar estadounidense absolveu aos dous soldados por negligencia o 19 de novembro de 2002. Durante ese momento, *OhmyNews* proporcionou información que non se estaba transmitendo na prensa coreana tradicional. Un

dos puntos de diverxencia entre conservadores e progresistas en Corea é o papel militar de Estados Unidos no país e é posible que os diarios conservadores non comunicasen a historia da morte das nenas, a fin de evitar unha incitación ao sentimento anti-estadounidense (Joyce, M., 2007: 22). Calquera que fosen as súas motivacións, ignoraron unha noticia importante mentres que *OhmyNews* cubriu a historia, e habilitou o acceso a información que doutro xeito non tería estado dispoñible.

Con respecto á elección de Roh, a diferenza dos medios tradicionais, que só proporcionaron unha cobertura irregular dos acontecementos do día, a prensa en internet ofrecía información continua, en formato de texto e video, e permitía que os lectores seguisen minuto a minuto os eventos. Ademais, as reunións *Nosamo* eran transmitidas en vivo polo sitio de Oh, e os seus activistas contaron, desde o principio, cun medio alternativo para transmitir información sobre o seu candidato ao público, xa que empregaron a páxina desde o momento da súa fundación. A noite anterior á elección, foi o epicentro do debate político cidadán con máis de seis millóns de visitas á páxina principal e máis de dezanove millóns de visitas rexistradas nas páxinas que contiñan notas relacionadas coa elección (OhmyNews, 2004: 19). A portada contiña informes e plans de acción cidadá e instaba aos lectores a votar a favor de Roh, quen, para sorpresa de moitos, resultou victorioso ao día seguinte e recoñeceu a contribución dos cidadáns xornalistas ao seu triunfo mediante a concesión da súa primeira entrevista como presidente electo ao sitio.

OhmyNews creou un espazo aberto para a comunicación sobre os asuntos públicos. Moitas das características interactivas do sitio permitiron aos xornalistas cidadáns comunicarse co personal e cos lectores. Sen dúbida, estas características interactivas conduciron a unha coordinación de accións colectivas fundadas na concentración dunha mesma vontade política. De acordo con Joyce, *OhmyNews* foi revolucionario en termos de atracción de mozos e de motivación para participar nos asuntos políticos (2007: 18). A través deste activismo e comunicación en liña, a xente nova alcanzou unha participación inusitada nos asuntos políticos.

Xunto con distintas análises empíricas, como as de Sutton (2006) e Lee (2009), pode establecerse que a motivación maior dos cidadáns xornalistas e dos lectores do sitio de Oh está relacionada co exercicio da liberdade de expresión e a difusión libre de información, que dá lugar á creación dun discurso político alternativo. Porén, esta web serviu como un punto de encontro para a mobilización social e a organización política, constituíndose nun híbrido que ocupa un lugar intermedio entre as organizacións sociais e os medios de comunicación e que lle outorga ao xornalismo cidadán un papel político, en tanto mecanismo participativo. A difusión de información, que anteriormente non estaba dispoñible, orientada a unha audiencia nova permitiu involucrar a este grupo, xeralmente apolítico, coa realidade política e fomentar o seu activismo e participación.

5. REPERTORIOS DE PARTICIPACIÓN ONLINE

Os métodos de participación levados a cabo polos internautas tomaron a forma, principalmente, de intercambio de opinións sobre os asuntos e cuestións de relevancia política nacional, comentarios sobre sitios ou notas, produción e distribución de información e enquisas e votacións en liña. O intercambio de ideas a través de internet foi a forma primordial de participación que adoptaron os usuarios, efectuada a través de *e-mails*, sitios web, *blogs*, foros, etc. Seguindo ás discusións en liña, os internautas a miúdo reuníronse fóra

do espazo de internet, en prazas, cafés, para expresar colectivamente as súas opinións. Durante os períodos electorais, involucráronse en proxectos a favor ou en contra de certos candidatos. Na campaña da Alianza de 2000, os activistas diagramaron estratexias e guías de acción específicas a través dos seus sitios web; nas eleccións presidenciais de 2002, *Nosamo* encabezou o apoio a Roh, instando a votalo e recadando fondos, na web. Estas experiencias permiten outorgar un dobre papel ao uso de internet na esfera pública, como unha ferramenta adicional para mellorar unha estratexia de acción, no caso da Alianza, ou como o elemento esencial da acción participativa, como nas vixilias de candeas, recadación de fondos, etc.

Michael Hauben (1997), describe os primeiros procesos da participación *online* como un período no que un grupo de persoas comezou a atopar novas identidades e desenvolver unha conciencia de si mesmos como cidadáns en liña. Durante este tempo, especialmente en Corea, deuse un aumento no uso de encerados de mensaxes, precursoras do estilo de *OhmyNews*. A medida que pasou o tempo, os internautas coreanos foron adoptando novos repertorios que fusionaron a subcultura de internet e os discursos políticos. As parodias, sátiras gráficas ou en formato de audio e video, animacións, caricaturas e fotografías con contido humorístico foron dando forma á subcultura da participación política na rede. A interferencia cultural ou *culture jamming*⁸ converteuse nunha estratexia importante da protesta virtual e tomou unha parte integral da expresión política dos cidadáns en internet. Na elección parlamentaria de 2004 os usuarios comezaron a empregar varias técnicas de collage para criticar aos candidatos e aos partidos en diversos sitios, entre os máis populares estaban *Ddanzi Ilbo*, *DC Inside* y *Sisa Gallery*. Outra das formas negativas de participación política que se empregou a partir de 2004 foi *cyber raid*, un tipo de visita en masa a sitios políticos co obxectivo de facer caer o servidor.

O repertorio de actividades no marco de internet modifica o panorama político ao desdebuxar as liñas que trazan os límites entre o público e o privado, entre o *offline* y *online*, xerando unha converxencia entre as distintas prácticas políticas. O debate en liña dirixido por cidadáns comúns causa reaccións en cadea que aumentan a conciencia da cidadanía. A través dos taboleiros de anuncios en liña, *blogs* e outras ferramentas de comunicación participativa *online*, os internautas comunícanse entre si sobre a base de redes horizontais e descentralizadas (Lee, J., 2009: 172).

6. A MODO DE CONCLUSIÓN: A XERACIÓN 2030 E O USO POLÍTICO DE INTERNET

A xeración 2030, eses mozos entre os 20 e 30 anos de idade, nacidos e crecidos en democracia e desenvolvemento económico, sen lembranzas políticas que se asocien aos réximes militares anteriores a 1987, caracterízanse por manter formas de individualismo non convencionais ou en rede en contraposición con aquelas do colectivismo confuciano

⁸ O *culture jamming* (interferencia cultural) representa unha utilización e interpretación discordante e disidente dos signos coa premisa clave de que non se trata de interromper a canle de comunicación, senón de empregar a propia comunicación e as estruturas de poder apropiándose dos seus signos e terxiversándoos. O seu propósito é a crítica do actual estado de cousas, socavar a normalidade e a pretendida naturalidade da orde imperante, sementando inesperados elementos de confusión e transformando os discursos pechados en situacións abertas. Trátase de confrontar aos cidadáns non só con algunhas proclamas, senón de recoller as contradicións e as experiencias das súas propias vidas, convidándoos a reflexionar e actuar doutra maneira a partir delas. Ver: Cabello Fernández-Delgado (2006). Interferencias na transmisión: Aproximación teórica ao *culture jamming*, en *Razón y palabra*, núm. 49. Pp. 13-23.

tradicional, e estiman a autonomía persoal, os valores pluralistas, e a diversidade cultural. Antes dos eventos sinalados ao longo do traballo, posuían un alto manexo de ferramentas tecnolóxicas e un comportamento indiferente ante os eventos políticos importantes do país (Han, J., 2007: 61). Comparados coa xeración 386⁹, que foi a da participación política pro-democrática, a de 2030 pode ser identificada como a da participación cultural, en palabras de Cho, a xeración de internet defínese pola libre expresión de desexos e pola creación dun público, a través do espazo *online*, na era da cultura e o capital (2008: 198).

Os mozos 2030 comezaron a emerxer como unha forza social destacada cando descubriron a forma de aproveitar ao máximo as oportunidades que ofrecía internet, en principio, no plano non-político. A Copa mundial de fútbol de 2002 foi o escenario no que estes grupos de mozos, principalmente de estudantes secundarios e universitarios, iniciaron a construción de lazos no ciberespazo e demostraron o poder mobilizador da rede, e foi, á súa vez, o contexto que lles permitiu demostrar o seu poder cultural para quebrar cos vellos costumes e rutinas políticas. O uso de panos en cabezas e brazos coa insignia nacional, que tería sido considerado unha falta flagrante aos deberes de cidadanía e de respecto aos símbolos nacionais, e a adopción da cor vermella, cor tabú asociada ao comunismo e a Corea do Norte, representaron un fenómeno cultural, máis que unha crítica política, e o empoderamento das xeracións máis novas ante restricións culturais profundamente arraigadas (Lee, J., 2009: 140).

A medida que o desenvolvemento tecnolóxico avanzou, a xeración 2030 foi cambiando a súa conciencia e inclinacións políticas. Podemos asociar este progreso no emprego de internet con tres factores fundamentais que foron tratados máis arriba: a) a diversificación dos usos de internet; b) a concentración de usuarios nos grupos etarios de 20 e 30 anos de idade; e c) o tempo ou momento de incremento na taxa de penetración desta ferramenta. Na década dos 90 a cantidade de usuarios, como se viu, era insignificante en termos de impacto nos acontecementos da sociedade. Pola contra, no ano 2001, a metade da poboación coreana visitaba regularmente o ciberespazo (Han, J., 2007: 62) e esta taxa duplicouse e triplicouse ano a ano alcanzando a cifra actual de máis de corenta millóns de usuarios entre unha poboación pouco maior a corenta e oito millóns de persoas. O ritmo acelerado de difusión de internet afectou a composición xeracional dos internautas e os adiantos técnicos outorgaron maiores posibilidades de uso de internet. As xeracións dos 10, 20 e 30 anos amosan unha penetración practicamente total de internet no ano 2010, superando o 99%. Isto posicionou aos mozos, anteriormente excluídos dos discursos socio-políticos, no lugar de preeminencia dentro dunha nova esfera pública e o proceso coincidiu co incremento do activismo cidadán que tivo lugar durante a década de 1990 e 2000, dando como resultado unha correlación positiva entre crecemento de organizacións non gobernamentais e informatización da sociedade (Han, J., 2007: 62).

Durante as mobilizacións de candeas do ano 2002, a xeración 2030 adquiriu un papel central no plano político. Foron eles os que iniciaron a acción e mobilizaron aos seus similares para ateigar as rúas de Seúl e manifestarse no ciberespazo. En tan só 24 horas, o 90% dos usuarios de MSN en Corea colocaron unha cinta negra nos seus perfís e máis de dez mil persoas reuníronse en Gwanghwan-mun para esixir xustiza ante a morte das dúas adolescentes, como detallamos anteriormente (Lee, J., 2009: 158). Os mozos novamente

9 O nome da xeración 386 é unha composición de tres números que fan referencia ás características do grupo: o 3 alude a aqueles que posúen 30 anos de idade, o 8 representa o momento en que estes mozos eran estudantes, a década de 1980, e o 6 refírese á década de nacemento, 1960.

desafiaban a autoridade e o conservadorismo da sociedade coreana opoñéndose a unha relación indulxente cos Estados Unidos que perdurara por anos.

Tendo sido testemuña do poder de internet no movemento da Alianza en 2000, e coa experiencia dos Diaños vermellos na Copa mundial de fútbol de 2002, esta nova xeración, na súa orixe apolítica e apática, converteuse nun actor político importante na elección presidencial de 2002, principalmente, debido a que as manifestacións de candeas se politizaron ata alcanzar o debate electoral. Dalgunha maneira, iso exerceu un rol determinante para outorgar á xeración 2030 un poder de veto na política interna de Corea do Sur, como se demostró nas mencionadas manifestacións.

Durante as campañas electorais presidenciais de 2002, a xeración 2030 organizou unha rede no medio *online*, denominada Rede de Votantes 2030 (<http://www.votefestival.org>), co obxectivo de aumentar a taxa de concorrencia aos comicios daqueles mozos nos seus vinte e trinta anos de idade. A meta era alcanzar unha porcentaxe de participación que elevara ao 80,8% a participación total na votación¹⁰. Esta rede organizou eventos, sorteou agasallos entre aqueles que instaban aos seus amigos a votar, recolleu sinaturas e encheu o seu sitio web de noticias políticas, propostas de distintos partidos, información sobre candidatos e reclamos que involucraban aos mozos instando ao compromiso e á colaboración para lograr cambios e divulgar a campaña mediante unha variedade de accións cívicas. Cando Roh gañou as eleccións, os diarios de maior circulación do país, Choson Ilbo e JoongAng Ilbo, describiron o resultado en termos xeracionais como a victoria da xeración 2030 sobre a 5060 (aqueles de 50 e 60 anos) e como o triunfo dos novos sobre os vellos medios de comunicación (Choson Ilbo, 26 de decembro de 2002).

Imaxe 4. Páxina principal do sitio Vote Festival



¹⁰ O nome toma a cifra 80,8 facendo referencia á elección presidencial anterior -1997- onde a porcentaxe de participación nos comicios foi do 80,7. O obxectivo era superar este número por medio do involucramento masivo dos mozos 2030.

As mobilizacións cidadás masivas e as tecnoloxías de información e comunicación desempeñaron un papel catalizador para converter a xeración 2030 nun grupo social cohesivo e politicamente activo que asumiu o seu poder na creación de consenso no ciberespazo e na formación de redes para levar adiante accións políticas. Ao mesmo tempo, estes mozos foron o motor que impulsou o emprego de ferramentas como internet para prácticas sociais e políticas. Este dobre estímulo deu como resultado un escenario particular no que internet e os mozos foron determinantes -eleccións, mobilizacións, poder de veto, etc., entre 2002 e 2007- e, de varias maneiras, contribuíu á concatenación de eventos posteriores que inclúen restricións e intentos de apropiación desta ferramenta tecnolóxica por outros axentes sociais, cuestións que se abordan minuciosamente nos seguintes capítulos.

BIBLIOGRAFIA

- An, S.-h. 2010. *The Rise of Networked Individualism and the Possibility of New Democracy: A Case Study of the 2008 Candlelight Protest in South Korea. Tesis de Maestría. The Graduate Institute of Peace Studies, Kyung Hee University*. Seúl.
- Cho, I.-s. 2008. "Digital Democracy and Citizenship as the Democratic Political Systems for the Information Age", *52nd Annual Meeting of the ISSS* (páxs. 1-20). ISSS.
- Choson Ilbo, 26 de decembro de 2002.
- Han, J.-w. 2007. "From indifference to making a difference: New networked information technologies (NNITs) and patterns of political participation among Korea's younger generations", *Journal of Information Technology & Politics*, 4(1), 57-76.
- Han, J.-w. 2011. *Networked Information Technologies, Elections and Politics: Korea and the United States*. Maryland: Lexington Books.
- Hauben, M. 1997. *Netizens: on the history and the impact of usenet and the internet*. California: IEEE.
- JoongAng Ilbo. 2 de febreiro de 2000 e 14 de abril de 2000.
- Joyce, M. 2007. *The Citizen Journalism Web site "Ohmynews" and the 2002 South Korean Presidential Election*. Chicago: Berkman Center Research Publication No. 2007-15.
- Kim, E.-y. 2004. "In search of new paradigm for democracy: civil society and democratic governance in South Korea", *IPSA* (páxs. 1-30).
- Kim, S.-d. 2004. "*jeong-bo-hwa-po-reom 2cha: jeong-bo-hwa-wa il-sang-saeng-hwal, salmui-bang-si-gui jeon*". (Formas da nova política na era dos teléfonos móbiles e a comunicación cibernética. Internet, celulares e participación política en Corea). Seúl.
- Lee, J.-s. 2009. *Net Power in Action: Internet Activism in the Contentious Politics of South Korea*. Nueva Jersey: Rutgers.
- Lee, Y. 2005. "New Social Movements in South Korea: Netizens, Electronic Democracy, Social Protest and Democratization", *Annual Meeting of the International Studies Association*. Honolulu: ISA.
- Lim, H. y Lee, J. 2010. "Mobile communication, political participation and the public sphere. South Korea's experiences", *Media Asia*, Vol. 37, No.4, 244-256.
- Oh, Y.-h. (22 de febreiro de 2000). *The revolt of 727 news guerrillas*. Recuperado o 2011 de novembro de 24, de Ohmynews: http://english.ohmynews.com/articleview/article_view.asp?no=153109&rel_no=1
- Oh, Y.-h. 2004. *OhmyNews: a special product of South Korea*. Seúl: Humanist Publication.
- Shin, E.-h. 2001. "The role of NGOs in the political election in Korea: the case of the Citizens' Alliance for the 2000 General Election", *First Asian Conference on the UN and NGOs*, (páxs. 1-20).
- Shin, E.-h. 2003. "The Role of NGOs in Political Elections in South Korea: the Case of the Citizens' Alliance for the 2000 General Election", *Asian Survey*, Vol. 43, No. 4, 697-715.
- Song, K. 2009. "Civil movement in the network age: focusing on 2008", *Hyundae Jungchi Yeonkoo*, Vol. 2, No. 1, 55-83.
- Sutton, S. 2006. "The my in Ohmynews: a uses and gratifications investigation into the motivations of citizen journalists in South Korea", *Institute of Communication Technology, University of Leeds*.
- Wein, R. 2000. "Civic Organizations Under the Kim Dae-Jung Government: Puppets or A New Political Force?", en K. E. America (ed.), *The Two Koreas in 2000: Sustaining Recovery and Seeking Reconciliation* (páxs. 62-75). Washington: KEI.
- Yoo, H.-j. 2010. "The candlelight girls' playground: nationalism as art of dialog. The 2008 candlelight vigil protests in South Korea", *Invisible Culture*, No. 15, 1-60.

JOSÉ G. VARGAS-HERNÁNDEZ_jvargas2006@gmail.com_University Center for Economic and Managerial Sciences,
University of Guadalajara
ERNESTO GUERRA GARCÍA_drguerragarcia@gmail.com_Universidad Autónoma Indígena de México
MARÍA EUGENIA MEZA HERNÁNDEZ_uaim_mmeza@yahoo.com_Universidad Autónoma Indígena de México_[67_83]

Avaliación sociocultural para proyectos de investimento en comunidades indígenas *wixarikas*



& *Resumo/Abstract: Analízanse aspectos da problemática que se presenta na avaliación social de proxectos de investimento para as comunidades indígenas wixarikas (huicholes). Os proxectos neste contexto fan particularmente complexa a avaliación, xa que na perspectiva socioeconómica coa que se avalía entra en xogo a incommensurabilidade dos asuntos de carácter social e intercultural que non se poden pasar por alto. Abórdanse as interrogantes que xurdiron na elaboración deste tipo de proxecto e preséntase un marco teórico para a proposta metodolóxica de avaliación sociointercultural. &*

& **Palabras clave:** avaliación social de proxectos de investimento, avaliación sociointercultural, comunidades indígenas, wixarikas.

INTRODUCCIÓN

Ao elaborar proxectos de investimento para a implementación de enerxías alternativas nas comunidades *wixarikas* (hicholes) en México no ano 2010, detectouse que había unha serie de aspectos a discutir na teoría da avaliación social de proxectos de investimento cando estes son aplicados nun contexto indíxena.

Estes proxectos buscan mellorar as condicións dos *wixarikas* e doutras comunidades indíxenas a través de impulsar a infraestrutura básica que ademais posibilite a xeración de proxectos con enfoques e principios propios acordes coas culturas e as lóxicas económicas das etnias que participan, así como da súa racionalidade social e ambiental, en especial a relación que gardan coa nai terra (Gómez González, Gómez Calderón e Gómez Calderón, 2008).

Nas comunidades *wixarikas*, o feito de valorar a posibilidade de levar o servizo eléctrico a través de enerxías alternativas presenta de antemán externalidades que poden considerarse negativas para a súa cultura, pois este servizo implicaría un maior uso de televisores, radios e demais medios de comunicación e abriría a posibilidade de ampliar un proceso aculturador que malia os beneficios, os efectos negativos poderían ser aínda máis indesexables.

Porén, a instalación de todos os servizos traería como consecuencia mellorar os seus medios de produción agrícola a través do uso de maquinaria e equipo que non poden ser usados sen a enerxía eléctrica. Pero o simple feito de querer axudar aos *wixarikas* como parte dunha política governamental puidese ter implicacións racistas ao colocar a cultura mestiza nacional por enriba da deles. Non é un asunto sinxelo, a mostra está en que malia o alto interese por esta cultura, nas últimas décadas non se puido contribuir a mellorar significativamente o benestar económico e material desta etnia (Wiegand e Fikes, 2004: 54).

As externalidades mencionadas nos parágrafos anteriores preséntanse en direccións atopadas e habería que valoralas tanto desde as perspectivas da comunidade indíxena como da sociedade non indíxena.

É evidente que a cultura non indíxena ten un peso maior e que as decisións terán un rumbo particular neste sentido, pero a través dunha serie de asuntos éticos nas políticas públicas poderíanse tomar en conta cualificacións do mundo indíxena para tratar de sopesar os seus intereses.

Por exemplo, a diferenza do mundo non indíxena, para os labregos huicholes o produtivo e o relixioso está tan intimamente ligado coa vida económica e social que aparentemente presentan unha falta de interese para a adopción e adaptación tecnolóxica (Torres Contreras, 2000: 162-163).

O huichol montañés emprega o tempo que non dedica ás técnicas de traballo substitutivas, na realización de rituais feitos en forma conxunta entre a súa familia e as demais familias que están no medio social – produtivo (Torres Contreras, 2000: 163).

Isto non significa que os *wixarikas* se atopen illados da sociedade mestiza, a persistencia da súa cultura e comunidade pode ser explicada a través de procesos de identificación de cara ao mundo, pero a especificidade da súa etnia débese, en parte, á creativa integración do que non é a súa cultura (Florentine Beimbord e Romandía Peñaflor, 2009: 13).

A complexa madeixa para q análise de proxectos nestes contextos inicia coa consideración de que na avaliación social, menciona Fontaine (1999), as externalidades permiten entender a factibilidade de impulsar un proxecto sen fins de lucro e nun contexto

sociointercultural, estas van en múltiples sentidos e terían que analizarse no intrasocial, o intracultural e o intercultural (Guerra, 2004).

Aquí faise referencia aos aspectos intrasociais cando o que se analiza non é exclusivo dunha das culturas que participan e non é posto en consideración na relación intercultural; son todos eses aspectos transversais na sociedade independentemente das culturas que participan, tales como a pobreza, a tecnoloxía e o benestar que incumbe a todos os seres humanos; os asuntos interculturais, por outro lado, son postos a discusión das interrelacións entre as culturas tales como o uso dos recursos, a dominación, o desprazamento lingüístico, as asimetrías, as discrepancias de entendemento, entre outros e o intracultural refírese ás diferenzas que existen ao interior dos grupos étnicos e culturais e que non permiten ter unha idea clara e uniforme do que unha comunidade ou un pobo desexa.

Ao introducir esta perspectiva metodolóxica de análise que chamamos sociointercultural (Guerra García, 2004) na avaliación social ábrese unha área de investigación para xerar modelos que describan as categorías a considerar neste tipo de ambientes.

Para aboar a problemática cómpre tomar en conta que o feito de que os decisores e os supostos beneficiarios do proxecto sexan de diferentes culturas implica necesariamente un “polirelativismo”, é dicir, considerar todas as posibles posturas relativas respecto da avaliación ao mesmo tempo. Isto é, se a relatividade é entendida como a aplicación de criterios e cálculos desde unha perspectiva particular determinada aceptando que existen outros puntos de referencia, implicaría entón non soamente a aceptación da existencia doutros criterios, senón a elaboración de mecanismos para considerar estoutros puntos de referencia e das outras formas de ver o mundo na avaliación dun proxecto.

O anterior implica que a avaliación se realice ademais en forma ‘multicriterial’, é dicir, recoñecer que ao tratar problemas complexos como os que se presentan nas etnorreixións se necesita ter en conta a inconmensurabilidade social, cultural, intercultural e intracultural presente nestes. Esta inconmensurabilidade refírese á presenza de múltiples valores lexítimos na sociedade e nas culturas (variados puntos de vista e en conflito) que levan consigo non só a necesidade de involucrar no proceso de toma de decisións aos agentes afectados, senón de entender as políticas do Estado para o efecto (Vargas Isaza, 2005). A inconmensurabilidade asóciase coa natureza multidimensional da complexidade e do emprego de diferentes dimensións de análise sociointercultural.

Pero como realizar unha avaliación sociointercultural dun proxecto de investimento nunha comunidade indíxena? ou máis especificamente cales son as categorías a considerar neste tipo de avaliacións?

Estas cuestións foron analizadas para o caso mencionado e descríbense brevemente no presente artigo.

AVALIACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIMENTO

Enténdese como proxecto de investimento a formulación dunha intervención nun medio para estudar unha problemática existente e a análise da factibilidade de acadar un cambio desexado polo menos por algunha parte da sociedade; o proxecto de investimento é aquel onde se plasma con claridade e detalle o que se desexa lograr e ademais como logralo; permite xustificar a intervención desde distintos puntos de vista para dar ou non solución a unha problemática (Andía Valencia, 2010: 28-29).

Antes de realizar calquera actividade avalíanse as posibilidades do ou dos proxectos.

En calquera caso, aínda cando o obxectivo sexa privado, a avaliación debe considerarse unha forma de investigación social

...aplicada, sistemática, planificada e dirixida, en que se apoia un xuízo acerca do mérito e o valor dos diferentes compoñentes dun programa, de forma tal que sirva como base ou guía para unha toma de decisións racional e intelixente entre cursos de acción (Matos, 2005:23).

De aquí que os obxectivos de calquera avaliación, privada ou social, sempre estean dirixidos ao desenvolvemento ou a mellorar as condicións de vida. O desenvolvemento da formulación comprende desde a intención ata o termo e como é que se vai poñer en operación o proxecto.

A avaliación, aínda cando non se menciona en moitas metodoloxías, toma criterios de políticas públicas xa establecidas ou comunmente aceptadas; a avaliación privada de proxectos de investimento ofrece criterios que na súa gran maioría proveñen de políticas públicas aliñadas cunha perspectiva individualista que poñen nun plano secundario a afectación que se fai á comunidade. Na avaliación social, en cambio, parte de políticas públicas onde o beneficio colectivo é prioritario.

É de considerar que as políticas públicas poden ser ubicadas en correntes do pensamento económico. Na economía clásica frecuentemente se inclúen soamente as variables que son pecuniarias; pero a tendencia máis recente é precisamente incluír todos os aspectos da maraña social que non puideron ser contundentemente medidos aínda cando si cualificados. Especialmente considéranse os efectos coñecidos como externalidades que anteriormente se consideraban indirectos ou de menor importancia, pero cada vez máis cobran unha maior relevancia.

Sen facer a un lado os aspectos técnicos económicos e financeiros, o feito de que moitas das externalidades sexan difíciles de cuantificar dificulta a avaliación en xeral.

Avaliar é un dos conceptos máis difíciles de abordar en ambientes sociointerculturais xa que xeralmente non é posible a implementación dunha métrica válida e aceptada por todos os interesados. Ademais, os aspectos que comunmente son considerados de validez universal son cuestionados ante a presenza doutras formas de ver o mundo.

Avaliar significa entón para este caso esclarecer todas as dúbidas que a operación dun proxecto puidese ter antes de que este sexa aplicado desde o polirrelativismo e o multicriterio mencionado.

Este tipo de proxectos non sempre representa unha competencia pola asignación de recursos escasos, onde o criterio reitor da asignación estaría dado por un indicador de rendibilidade; senón que existen tamén outros criterios de igual validez que teñen que ver con asuntos sociointerculturais onde o relativismo cultural prové puntos de vista diferentes que poden converxer ou diverxer.

As incertezas que se presentan débense en gran parte polos problemas que implica a información sociointercultural e as dificultades para a prescrición e a determinación do resultado final (Loaiza, 1994).

O ENFOQUE DA ECONOMÍA SOCIAL

A crise dos modelos de desenvolvemento permitiu a visibilidade dalgunhas formas ancestrais de entender a economía e o xurdimento de innovacións que se viñeron a chamar economía do terceiro sector, economía solidaria, economía do troco, economía popular ou economía social (Bastidas e Richer, 2001:1).

En realidade toda economía é social, porén cando o enfoque é o privado déixanse de lado todas as consideracións dos outros actores que participan no total económico (Bastidas e Richer, 2001:2). A finalidade non é agregar unha variable endóxena máis senón recoñecer preponderantemente as dimensións sociais da economía (Izquierdo, 2009:5).

O obxectivo da economía social non é o lucro; trátase dun modelo orientado ao benestar de grupos e colectividade (Pujol, 2003:36), desta forma un proxecto de enerxía alternativa nestas comunidades asegura a sustentabilidade, aínda cando o custo do investimento é elevado e aparentemente non se teña un resultado financeiro positivo. O bo vivir da comunidade e a xeración de sinerxias sociais pode ser suficiente para xustificar un proxecto deste tipo. O Estado desde esta perspectiva perseguiría orientarse a mellorar as condicións das comunidades.

Ademais, a economía social difúndese a través dun proceso de recoñecemento das pobres circunstancias nas que se atopa unha comunidade indíxena e da débeda que por máis de 500 anos ten a sociedade mexicana para este sector (Bastidas e Richer, 2001:2). Nos tempos actuais, onde é cada vez máis evidente a responsabilidade de cada unha das persoas, onde a cooperación é cada vez máis necesaria e onde xa non se considera que o ben individual leva consigo necesariamente ao ben común, o enfoque social é cada vez máis necesario, aínda nos proxectos privados. Neste sentido a economía social é un enfoque alternativo acorde coa avaliación sociointercultural que se propón.

Precisamente para o caso que se menciona, é necesario abordar unha economía indíxena, entendida esta como unha das formas de economía social en América Latina, que parta dunha visión dunha vida plena do ser humano na súa relación coa natureza e na súa busca do ben de todos.

Por exemplo, para o caso dos *wixarikas* é sabido que

...cada membro da familia contribúe con algo para a festa e tamén ten dereito a que o axuden a el a abrir a súa terra para sementar, a que o axuden a limpar a milpa, a colleitar e a que o axuden a cazar o veado (Torres, 2000: 162).

Isto dá mostra dunha dinámica económica diferente á dos mestizos. En si a economía indíxena busca:

...garantir aos pobos indíxenas o seu benestar en todos os ámbitos da vida, sendo este a base filosófica de benestar e que senta as bases para a implementación da economía indíxena (Consello Indíxena de Centroamérica, 2010).

A economía indíxena componse de prácticas ancestrais de adaptación a un medio determinado que se compoñen dos seguintes elementos a) a produción que determina unha paisaxe determinada de acordo coa forma particular de apropiación do territorio de cada pobo indíxena traballadas con técnicas tradicionais, b) a distribución, onde operan mecanismos diferentes á intermediación como reciprocidade e redistribución c) o consumo, caracterizado polas formas de igualación d) a organización do traballo e e) a terra, que é vista desde unha cosmovisión diferente ao da propiedade individual (Lugo, 2007: 60).

Porén cómpre aclarar que a economía indíxena presenta características particulares segundo a cultura da que se fala e da relación que presentan esta cos demais grupos étnicos. Os elementos precolombinos, que se compoñen de prácticas ancestrais de adaptación a un medio determinado, onde non intervén o diñeiro, corresponden a unha economía que pode ser chamada tradicional (Diosey, 2007: 60), pero existen moitos elementos que se crearon a

partir da relación co mundo non indíxena, quizais a relación económica máis antiga destes últimos foi o comercio.

Tratando de xeneralizar,

As economías indíxenas están compostas por unha economía tradicional cun segmento de economía de mercado, que pode ser de maior a menor magnitude, dependendo do caso de que se trate. Polo xeral, o segmento da economía de mercado comporta adaptacións interculturais como mercadorías que se producen con técnicas ou organizacións de traballo tradicionais para vendelas ao mercado ou cuxas rendas se aplican a reciprocidades ou complementariedades tradicionais (Diosey, 2007: 60).

Para Diosey (2007: 60-61) a economía tradicional componse dos seguintes elementos: 1) a produción das prácticas ancestrais que determinan unha paisaxe, produto das formas particulares de apropiación do territorio; 2) a distribución, onde operan mecanismos diferentes á intermediación do diñeiro, que nas súas diferentes linguas teñen que ver coa reciprocidade, a axuda mutua, o troco, a colaboración comunal, etc.; 3) o consumo, que se caracteriza por buscar formas de igualación; 4) a organización social (indíxena), que determina en maior ou menor medida a asignación dos traballos, o usufruto e o usufruto dos recursos e o uso da produción de bens e servizos e 5) a terra, que é un ser vivo que lle pertence a si mesma, polo que a propiedade privada é sempre un asunto de conflito no marco legal na súa relación coa poboación non indíxena (Diosey, 2007:60-61).

O troco por exemplo, é un dos elementos da economía tradicional que actualmente non só é usado por moitas comunidades indíxenas, senón que está rexurdindo en diferentes nichos da sociedade, por exemplo en clubs e grupos de interese e en ámbitos locais e internacionais e puxo en dúbida a súa ineficiencia (Tocancipá, 2008:147).

Con base no anterior pódese entender porque a idea de que o pobo indíxena conte con enerxía, que sexa panca para o seu bo vivir ou para cohabitar dunha maneira máis harmónica na sociedade mexicana, require dun punto de vista máis amplo que o que prové as ferramentas comúns de avaliación, tanto privada como social.

Para que o anterior se leve a cabo cómpre o real e verdadeiro recoñecemento das organizacións sociais neste caso do goberno, das comunidades e dos pobos indíxenas. Desta forma as políticas públicas son de gran relevancia para a avaliación neste tipo de contextos (Huot e Bussiéres, 2006:124),

A AVALIACIÓN SOCIAL

Un proxecto de investimento social busca cumprir con obxectivos sociais a través de metas gobernamentais ou alternativas, empregadas por programas de apoio (Matos, 2005). O máis importante neste tipo de intervencións é que os usuarios directos, os beneficiarios sociais, estean de acordo coa formulación formulada; é dicir, o proxecto non se debe xerar de maneira unidireccional, neste caso do goberno mestizo para unha comunidade indíxena, senón que ten que ser multidireccional.

Porén, ao respecto da dimensión social, son poucas as avaliacións que van máis alá de indicadores que describen a satisfacción de necesidades básicas, e quedan pendentes ou sen considerar outros aspectos sociointerculturais tales como a equidade intercultural, o equilibrio intra e interxeracional, o nivel de organización social ou a capacidade de xestión dunha comunidade ou rexión, a conformación das redes sociais, o capital social e humano e

a resposta e organización da sociedade fronte ás estruturas de mercado e os seus procesos de cambio (Mazabel-Domínguez, Romero-Jacuinde e Hurtado-Cardoso, 2010).

No caso que nos ocupa é de resaltar que as zonas indíxenas en México presentan xustaposicións entre os usos e intereses que o solo implica na cosmovisión dos seus pobos e as actividades preponderantemente económicas dos non indíxenas (Korsbaek, 2009). Os exemplos máis recentes implicaron a loita dalgúñas etnias contra o uso e explotación mineira dalgúns intereses privados sobre os usos que os pobos indíxenas queren facer do seu solo (Saliba, 2011, La Jornada, 2011, Zapateando, 2012).

Entón a diferenza respecto das outras avaliacións é que os beneficios, os custos e as externalidades deben observarse desde as diferentes perspectivas ao mesmo tempo. É dicir, nos proxectos interculturais non é suficiente realizar a formulación e a avaliación desde unha soa perspectiva, senón que cómpre poñer sobre a mesa todos os criterios e puntos de vista das culturas que participan.

O anterior amosa que as etnorrexións presentan conflitos con respecto á axenda que os actores da economía non indíxena teñen para o uso do que consideran a súa terra. Así temos, ademais dos proxectos privados de minería onde se confrontan as aspiracións indíxenas outras empresas en relación coas novas enerxías, as tecnoloxías innovadoras e cos medios de comunicación, que presentan tamén rupturas, coxunturas e desencontros, susceptibles de estudos máis profundos.

A problemática que se presenta é que na valoración social existen elementos perceptibles por unha comunidade como prexuízo que son difíciles de cuantificar ou de xerar unha ponderación en unidades monetarias. De aquí que o desenvolvemento deste tipo de proxectos ten preferentemente un enfoque cualitativo.

Pero isto non quere dicir que o seu desenvolvemento sexa menos valioso. Pola contra, as discusións desde unha perspectiva sociointercultural levan a xerar novos construtos que permiten entender o que sucede nunha realidade social concreta.

AS EXTERNALIDADES

Os proxectos de investigación social sempre levan consigo unha serie de arestas referente ao manexo das externalidades que non só non foron resoltas, senón que se van formulando na medida en que se atopan na práctica.

As externalidades prodúcense cando as actividades sociais ou económicas dun grupo de persoas teñen un impacto sobre outro ou sobre a natureza e o devandito impacto non é tomado en conta de maneira axeitada polo primeiro grupo (Jaime e Tinoco, 2006:105).

Tradicionalmente a avaliación dun proxecto de investimento pretende constituir un punto de partida para determinar as compensacións que probablemente sería necesario outorgar para contrarrestar os efectos negativos que se poidan ter sobre os sistemas natural ou social. Porén esta filosofía compensatoria e correctiva non é recomendable en proxectos onde participan diferentes culturas, pois unha acción que implica compensación dunha parte puidese ser inaceptable para outra.

No tratamento das externalidades é importante mencionar que desde o enfoque social calcular os custos do efecto negativo e logo tratar de pagalo de maneira correctiva non é precisamente o óptimo (Fontaine, 2008: 13); é dicir, internalizar as externalidades non é a mellor filosofía na avaliación social, pois cando os grupos son de diferentes culturas existen situacións de carácter intercultural que deben ser resoltas de maneira preventiva.

ECONOMÍA E XESTIÓN DOS RECURSOS NATURAIS

A importancia deste tipo de proxectos incrementábase ao considerar que ás comunidades indíxenas rurais se lles asignou a tarefa de ser proveedoras de recursos ás zonas urbanas e se lles atribuíu a responsabilidade de preservar o equilibrio ambiental (Mozas e Bernal, 2006:127).

Ademais unha característica adicional que teñen este tipo de proxectos de enerxía alternativa nas comunidades indíxenas é que á par se abordan aspectos de economía e xestión dos recursos naturais. Ao respecto hai que salientar que o interese polas Fontes de Enerxía Novas e Renovables (FENR) se debeu á crise de enerxía que cada vez máis se acentúa (Rodríguez Murcia, 2008: 88).

Polo anterior este tipo de proxectos tamén se enmarca nunha economía dos recursos naturais que engloba todo o referente á 1) xestión e a valoración dos recursos naturais, 2) determinación dos niveis aceptables das externalidades negativas e 3) o cálculo das externalidades positivas.

Dentro desta disciplina atópase a economía ecolóxica, que a diferenza da teoría económica convencional, o seu obxectivo non é a busca da eficiencia, da rendibilidade e do crecemento en termos puramente monetarios, senón de tratar de facer compatible a sustentabilidade do capital natural (Domínguez, 2004:8).

Pero malia que a conciencia sobre a crise ecolóxica global é un feito innegable, os sistemas económicos actuais dificultan non soamente a avaliación destes proxectos senón tamén a incorporación de novos métodos de aproveitamento de enerxía moito máis sustentables.

O que si é evidente é que a dependencia humana dos ecosistemas se aprecia de maneira evidente en economías de subsistencia ligadas ao medio natural, onde as comunidades humanas, como as indíxenas, toman directamente dos ecosistemas só o que necesitan para vivir; disto, as comunidades *wixarikas* teñen unha gran sabiduría. O recoñecemento deste feito, implica asumir que o desenvolvemento económico e social dependerá a mediano e longo prazo non só do axeitado mantemento dos sistemas ecolóxicos que o sustentan e que constitúen o capital natural do planeta senón tamén do respecto e da atención que poñamos nas culturas indíxenas, das que temos moito que aprender (Gómez e de Groot, 2007:5-6).

As cuestións relacionadas cos recursos naturais son analizadas tanto desde a perspectiva económica como desde o marco institucional coas súas regras, deberes e obrigas, formais e informais (Domínguez, 2004: 6-7); ademais deben ser consideradas as formas de relación que cada cultura ten coa natureza.

A INCORPORACIÓN DA DIMENSIÓN AMBIENTAL NA ANÁLISE DE PROXECTOS

Neste tipo de proxectos en comunidades indíxenas rurais é difícil deixar de lado a avaliación de impacto ambiental, que consiste na identificación, análise e valoración de efectos dos proxectos sobre o seu medio, natural e social, desde o polirrelativismo e o multicriterio, aínda cando non necesariamente estes estean expresados en unidades monetarias.

A incorporación desta categoría implica considerar unha serie de actividades adicionais que normalmente non se consideraban e cuxa execución é obrigada hoxe en día.

Para a avaliación do impacto ambiental dun proxecto sobre o medio económico é posible acoutar que desde o momento da súa construción e posterior posta en marcha, este estará influíndo no medio onde se instalará, polos efectos que produciría sobre as actividades naturais, humanas e económicas existentes e futuras durante o seu período de operación e ata a etapa de abandono. En particular, a avaliación neste medio consiste en dimensionar os futuros efectos a través dun proceso de identificar, interpretar, predicir e dar a coñecer os efectos potenciais do proxecto sobre o medio económico e sociointercultural en que se localizará e operará, o que se reflectiría no cambio do devandito medio (actual e futuro).

DESENVOLVEMENTO OU BO VIVIR

Outro elemento a considerar na avaliación de proxectos nas comunidades indíxenas é que en América Latina está en marcha unha renovación da crítica ao desenvolvemento convencional baixo un proceso que ofrece varias particularidades e que aporta outro enfoque á avaliación social.

Nesta nova situación destácase que mentres que boa parte das posturas sobre o desenvolvemento convencional, e mesmo moitas das correntes críticas, se desenvuelven dentro dos saberes occidentais propios da modernidade, as alternativas latinoamericanas máis recentes escapan a eses límites (Gudynas e Acosta, 2011: 72).

O importante aquí e como se trata da avaliación en comunidades *wixarikas* é que as posturas do 'bo vivir' recuperan visións ancoradas nos coñecementos e saberes propios de pobos indíxenas. As posturas do bo vivir cuestionan o desenvolvemento coa súa filosofía de progreso e que na práctica significou unha relación adversa coa natureza.

O Bo Vivir non é, entón, un desenvolvemento alternativo máis dentro dunha longa lista de opcións, senón que se presenta como unha alternativa a todas esas posturas (Gudynas e Acosta, 2011: 72).

O bo vivir é un concepto de política pública en construción, pero en xeral recupera a idea dunha boa vida, do benestar nun sentido máis amplo e no caso da economía social e da avaliación social prové como criterio xeral que unha comunidade viva ben, sen agardar o progreso a forza da devastación dos recursos naturais. Como o mencionan os líderes kichwas:

...é unha visión holística acerca do que debe ser o obxectivo ou a misión de todo esforzo humano, que consisten en buscar e crear as condicións materiais e espirituais para construír e manter o *bo vivir*, que se define tamén como *vida harmónica*, que en idiomas como o *runa shimi (quichua)* se define como o "*allí kausai*" ou *sumac kausai* (Hidalgo, 2011, 88).

Do anterior destácase que a avaliación dun proxecto é diferente se se enmarca dentro dalgunha das políticas de desenvolvemento ou dentro da que se presenta co enfoque do bo vivir. As políticas públicas son determinantes na orientación dos traballos de avaliación social.

AS COMUNIDADES WIXARIKAS

Para a cultura huichol, tamén chamada *wixarika*, facerse sabio significa saber da natureza (Iturrioz, citado por Juránková, 2007: 150). Para esta cultura o mundo mestizo é un altermundo que coexiste de maneira mítica co seu (Durín, 2005:91).

A espiritualidade e a relixiosidade inflúe no modo de ser dos huicholes, no modo de ver o mundo, no seu punto de vista (Juránková, 2007:151).

A palabra 'huichol' provén de 'hueitzolme', un territorio ubicado actualmente en Nayarit; a súa lingua pertence á rama totorame da familia uto-azteca do sur (Wiegand e Fikes, 2004: 51-52).

Os *wixarikas* habitan na rexión Huicot que comprende aproximadamente duascientas cincuenta mil hectáreas que comparten os estados de Nayarit, Durango, Jalisco e Zacatecas. Esta zona está ubicada na Serra Madre Occidental nunha ampla franxa denominada o 'Gran Nayar', pero o peso que o deserto localizado en San Luis Potosí ten para eles é determinante para a súa cultura (Porrás Carrillo, 2006: 34).

En efecto, a peregrinación que de acordo coas obrigas impostas pola súa cultura deben realizar os huicholes ao deserto de San Luís Potosí é un dos acontecementos fundamentais na súa vida e un dos aspectos máis destacados e atractivos deste pobo indio (Porrás Carrillo, 2006: 34).

Este tipo de emigración nos *wixarikas* permite entender en maior perspectiva as dinámicas da súa cultura na súa intensiva interacción co 'outro' (Florentine Beimborn e Romandía Peñaflores, 2009: 15).

En xeral é unha rexión pobre con camiños son de terracería e vereas, a luz eléctrica é sumamente escasa xa que os problemas de acceso a este territorio dificultan a instalación de servizos e comunicacións (Barrera, 2002: 45).

As altitudes da súa heteroxénea orografía de montañas, altiplanicies, barrancas e canóns, ubícanse dos 400 aos 3,000 metros sobre o nivel do mar, contendo no seu seo gran variedade de nichos ecolóxicos, cunha riqueza biótica dunha riqueza incalculable (Guízar Vázquez, 2009: 171).

Ademais dos *wixarikas* habitan nesta rexión outros grupos étnicos ademais dos mestizos: os coras, os tepehuanos, os tepecanos e os mexicaneros que en total congregan 56,614 indíxenas (Guízar Vázquez, 2009: 171).

O pobo *wixarika* sentou as súas actividades agrícolas desde cando menos fai 900 anos (Tetreault e Lucio López, 2011: 170); tradicionalmente residen en tres comunidades: San Sebastián, Santa Catarina e San Andrés, que xunto con Tuxpan e Guadalupe de Ocotán constitúen as cinco unidades territoriais políticas que foron constituídas desde a época da Coroa española no século XVIII (Wiegand e Fikes, 2004: 51).

Segundo o último Censo de Poboación e Vivenda do Instituto Nacional de Estatística, Xeografía e Informática (INEXI), nestas rexións habitan 44,788 falantes de huichol cunha idade maior aos cinco anos, dos cales 22,129 son homes e 22,659 mulleres (INEXI, 2010). Segundo o INEXI (2011) esta lingua atópase no lugar 22 en volume de falantes, antes do chontal e despois do chatino; pero é un dos grupos cunha maior porcentaxe de monolingüismo en México (Juránková, 2007: 149).

A organización produtiva dos grupos nesta etnorrexión concentrouse en actividades primarias de índole agropecuario; a cría de gando bovino, tanto dos *wixarikas* como dos demais grupos étnicos é a actividade máis relevante. A agricultura de temporal e a explotación forestal tamén tomaron relevancia nos últimos anos (Guízar Vázquez, 2009: 177).

Porén, o anterior non é a súa única actividade económica; a dinámica migratoria atópase tamén fortemente ligada á súa economía. Un feito interesante é que existen varios tipos de migracións ademais da relixiosa: 1) a estacional, 2) a de refuxio e 3) a artesanal.

A estacional é cando os huicholes saen traballar como obreiros e empregados fóra da serra na estación seca; moitos deles pasan dun traballo a outro sen ter a oportunidade de regresar regularmente á serra. O segundo tipo de migración ocorre debido a que eventualmente teñen que fuxir da violencia cara a costa, onde xa hai grupos que se estableceron definitivamente, tanto en comunidades indíxenas como en pobos mestizos. A migración artesanal é o terceiro tipo de migración, ten que ver co apoxeo que hoxe en día están tendo os mercados artesanais en todo o país; un bo número de *wixarikas* pasa tempadas enteiras nas xiras comerciais e para algúns é xa unha forma de vida (Florentine Beimborn e Romandía Peñaflor, 2009: 15-16).

Entre os *wixarikas* existe unha sutil e complexa división do traballo rexional, baseada non só nunha especialización produtiva segundo produtos agropecuarios e manufacturados, senón tamén nunha forma particular de cultivar, producir e manufacturar os produtos por cada grupo. Esta división do traballo envolve en si mesma unha xerarquía clasista e grupal, así como unha territorialidade relativa, incitando desacordos e conflitos constantes que involucran animadversións entre todos os grupos involucrados, e mesmo ao interior de cada grupo: coras contra *wixaritari*, *tepehuanos* contra coras, etc. (Guízar Vázquez, 2009: 172).

O prolongado conflito intra e intercultural faise máis cru fronte a colonización de rancheiros mestizos que tiveron o soporte do Estado para avanzar no proceso etnofáxico que resulta das asimetrías dos grupos indíxenas e non indíxenas. O feito é que o territorio *wixarika* foi reclamado cada día con maior insistencia desde a época da colonia e nos nosos días ese reclamo realízase de maneiras máis sofisticadas polo grupo mestizo; a loita actual non soamente é na xustaposición das rexións mineiras coas zonas sagradas, senón que o grupo mestizo utiliza a educación, relixión e tecnoloxía, entre outros, para penetrar e modificar o seu mundo.

Estas e outras consideracións sociointerculturais da vida dos *wixarikas* non poden ser deixadas de lado na avaliación dun proxecto de investimento.

PROPOSTA DE AVALIACIÓN SOCIOINTERCULTURAL

Nesta complexidade descrita a proposta para a avaliación sociointercultural radica en estruturar as categorías de análises de acordo coas macroesferas e as microesferas nas categorías que corresponden aos asuntos a) intrasociais, b) os asuntos intraculturais e c) os asuntos interculturais. Na figura 1 preséntase un esquema en alusión ao anterior.

Figura 1. Esquema para a análise sociointercultural

DIMENSIÓN	INTRASOCIAL	INTRACULTURAL	INTERCULTURAL
MACROESFERA Política, social, económica			
MICROESFERA Xénero, clase e etnia			
SOCIOINTERCULTURAL			

Fonte: construción dos autores

A avaliación desde as macroesferas

Para avaliar un proxecto como o que se presenta cómpre que se tome en conta as macroesferas política, social e económica. Para o caso das comunidades *wixarikas* os criterios máximos proveñen das a) tendencias nas políticas públicas, xa sexan do desenvolvemento ou do bo vivir, as que implican á súa vez o que o Estado desexa facer cos pobres e cos marxinados, que na maioría dos casos converxen en xerar as sinerxias necesarias nos máis necesitados; b) as tendencias ecoloxistas a nivel mundial e a nivel nacional que favorecen as tecnoloxías alternativas e evitar aquelas que se suman ao quecemento global e c) o interculturalismo, o que o Estado desexa facer para cos grupos étnicos que conforman a nación, é dicir, en que medida e como é que se orientan os esforzos cara os pobos indíxenas.

Quizais estas tendencias nas políticas públicas son as máis importantes na consideración da avaliación de calquera proxecto de investimento.

A avaliación desde as microesferas

Posto que se fala de proxectos específicos, a avaliación debe considerar as manifestacións dos diferentes axentes implicados, os gobernos locais, o pobo *wixarika* neste caso e a sociedade mestiza que se atopa na veciñanza e que posiblemente reciban tamén externalidades dos proxectos.

Neste caso é importante considerar outros aspectos da especificidade da comunidade que participa, que poden tamén orientar a decisión final; por exemplo a constitución demográfica na *wixarika* é relevante.

A avaliación desde o intrasocial

Nesta categoría inclúese a análise de custos, beneficios e externalidades que teñen que ver máis cos asuntos da sociedade independentemente das culturas e etnias que participan. Neste caso, o uso sustentable das tecnoloxías, as políticas de atención á pobreza independentemente do grupo étnico á que pertenza a poboación neste Estado, entre outras, pertencen á avaliación intrasocial.

O uso da enerxía alternativa nas comunidades evita empregar enerxías daniñas; aquí o problema radica en valorar o posible custo ou o beneficio ecolóxico. Isto é debido a que a contaminación se considera unha externalidade negativa xerada polos procesos de produción e de consumo, neste caso da enerxía eléctrica (Reyes e outros, 2005: 436).

Por outro lado, a inclusión de los intereses de las futuras generaciones trae a las comunidades rurales e indígenas oportunidades de certos incentivos provenientes de las políticas globales para la mitigación y adaptabilidad al cambio climático a través del mecanismo del desarrollo limpio de energías (Pinto, 2004: 123).

Se a esta problemática se engade a responsabilidade do goberno mexicano ao haber ingresado ao tratado de Kyoto, a avaliación tórnase inconmensurable e o resultado tende definitivamente á instalación das mellores plantas solares, independentemente de se existen fluxos de efectivo que recuperen o investimento pecuniario. É dicir, o investimento económico é mínimo comparado coa: a) loita contra os efectos danifios do cambio climático, b) oportunidade de desenvolvemento das comunidades rurais e c) coa compensación ás comunidades indíxenas polo feito histórico do dominio mestizo (antes español) de máis de cincocentos anos.

A presenza de proxectos de corte sustentable é un dos aspectos intrasociais que fan complexa esta avaliación, pois o valor do uso da enerxía alternativa é máis que significativo, independentemente das culturas involucradas. De tal maneira que na época que vivimos os proxectos deste tipo puidesen ter unha característica diferenciadora das demais avaliacións sociais.

A Avaliación desde o intracultural

Na práctica resulta que as comunidades indíxenas non son un todo uniforme, pois mentres algunhas persoas se negan a ter os beneficios da enerxía alternativa debido a que observan certos perigos de aculturación, outras prefírenos para aplicarlos nos usos domésticos e de produción que lles darían unha mellor forma de vida. É dicir, non todos os *wixarikas* se manifestan en consenso sobre os proxectos de intervención.

No caso dos mestizos é o mesmo, non todos están de acordo con axudar a unha comunidade *wixarika*, sobre todo se hai outras - indíxenas ou non - que tamén requiren os beneficios.

Polo anterior, a adopción da tecnoloxía no ámbito indíxena rural é un reto; definir a metodoloxía máis conveniente en relación coa participación dos usuarios *wixarikas* require de máis investigación sociointercultural.

A tecnoloxía empregada polos campesiños *wixarikas* normalmente se atopa integrada á súa estrutura e dinámica sociocultural e é a partir da súa percepción do medio que instrumentan un sistema técnico culturalmente específico, de tal forma que toda innovación tecnolóxica trastoca o seu modo de vida, a súa maneira de ver o mundo e os seus valores (Berrueta e outros, 2003: 95).

De aquí xorden moitos cuestionamentos que a fin de contas se atopan ligados con externalidades. Como afecta ou podería trastocar o uso da enerxía alternativa o sistema técnico cultural dos *wixarikas*?, como cambiaría esta tecnoloxía o seu modo de vida, a súa maneira de ver o mundo e os seus valores? permite esta tecnoloxía un maior arraigamento dos habitantes e dos seus valores culturais?

Ao chegar a enerxía eléctrica á comunidade, algunhas das persoas que pensaban emigrar xa non o farían debido a que posiblemente os satisfactores puidesen ser suficientes para que as persoas permanezcan, posiblemente alterando a súa tradición migratoria. Outro efecto é que ao chegar a enerxía eléctrica tamén chegan os medios masivos de comunicación que trastocan os valores culturais. A Avallación previa entre estes custos e beneficios non é fácil de determinar.

A chegada da enerxía vai ligada tamén co uso de medios de comunicación e con estes os procesos de aculturación se incrementan. De que forma se darían estes procesos? canto se valora o desprazamento dunha lingua nunha cultura e na sociedade? Son preguntas que non se poden resolver de maneira simple.

A avaliación desde o intercultural

A avaliación dos proxectos interculturais debe ser entendida relacionándoa con estratexias políticas contextualizadas. Non se pode pensar na interculturalidade desde unha lóxica instrumental, que propicia a extensión ou universalización dun modelo transcultural con supostas boas intencións. Tampouco se poden trasladar os mesmos criterios empregados en contextos diferentes. Como menciona Diez (2004: 195):

A construción dun proxecto remite a procesos e prácticas situadas sociohistoricamente que configuran e se configuran nun campo de disputa, no que existen correlacións de forza variables entre diversos actores con diferentes —e frecuentemente opostos— intereses..

Na avaliación están presentes, as formacións, estruturas e resistencias; as relacións de desigualdade social e a loita para transformalas.

Desta forma unha política pública orientada á expansión da enerxía en medios rurais indíxenas non sempre é desexable, debido aos dinámicos procesos de aculturación que xeralmente se teñen nas relacións interculturais. Pero se se acepta esta política como indispensable para a supervivencia e o ben vivir das comunidades, polo menos esta debe observar a adopción de solucións baseadas en enerxías renovables, xa que así os posibles beneficios non estarían superados polas externalidades negativas que farían do investimento un proxecto non sustentable desde o punto de vista global (Pinto, 2004:123).

Aquí tense que avaliar as externalidades que existen entre as culturas cando o proxecto intensifica as relacións interculturais. Os efectos aculturadores deben ser analizados, sobre todo os da sociedade non indíxena sobre os *wixarikas*, a perda dos valores culturais, tales como lingua, costumes e en xeral a influencia na súa cosmovisión.

Pero, como avaliar as externalidades cando os criterios son inconmensurables? Por exemplo, ao avaliar calquera proxecto de investimento tense que observar a posibilidade de contaminación da terra. O problema radica en que, para a cultura *wixarika* a terra é sagrada e non debe ser trastocada. Calcular un punto óptimo, neste caso, significa que os indíxenas renuncien aos seus principios e ceder ante os criterios mestizos: trastocar un pouco a terra ata o “nivel de aceptación”. En resumo, a solución tórnase imposible. Deixar que outros decidan por eles non é equitativo nin xusto, polo que se está precisamente nunha encrucillada máis.

A MANEIRA DE CONCLUSIÓN

Conclúese aquí que é necesario abrir investigacións na liña da avaliación sociointercultural no contexto indíxena, para abordar con máis profundidade cada unha das externalidades formuladas.

A avaliación sociointercultural de proxectos de investimento é unha metodoloxía de investigación social que se enmarca dentro da aplicación das políticas públicas, que abarca moito máis que a aplicación de técnicas cuantitativas de corte financeiro e da perspectiva privada. De maneira transversal á análise das macro e microsferas propónse estudar os aspectos intrasociais, intraculturais e interculturais característicos das sociedades pluriculturais.

Como se explicou, a análise das macroesferas parte de preceptos da economía social e considera os aspectos propios da economía indíxena na que se contraponen as teorías de desenvolvemento coas emerxentes propostas do bo vivir.

Nesta metodoloxía, queda en evidencia que os asuntos técnico financeiros vense reducidos ante a necesidade de afondar nas análises cualitativas das externalidades.

A complexidade da avaliación acrecéntase cando os proxectos en cuestión se refiren a enerxías alternativas que se enmarcan á súa vez en economías ecolóxicas dos recursos naturais, onde a idea da sustentabilidade marca en por si unha diferenza significativa nas formas de facer avaliación nos proxectos sociais de investimento.

En resumo, desde a perspectiva da economía sociointercultural, os proxectos de enerxía alternativa en comunidades *wixarikas* non poderían agardar o pagamento pecuniario do investimento por unha xeración de campesiños na súa maioría, xa que o seu nivel económico non o permitiría. Porén, o investimento xustifícase xa que se promovería o desenvolvemento social e económico da comunidade, pero ademais se esta se fixese a través do uso dunha enerxía renovable, xeraría externalidades positivas ao mundo e ao futuro da humanidade. Este último valor é o que xustifica plenamente o proxecto.

BIBLIOGRAFÍA

- Andía Valencia, Walter (2010), "Proyectos de inversión, un enfoque diferente de análisis", en *Industrial Data*, vol. 13, núm. 1, Perú: Universidad Nacional Mayor de San Marcos.
- Aguilera Vidal, Rosa e Fernando Palacios Sepúlveda (2005), "La evaluación de los proyectos de inversión para la toma de decisiones", en *Economía y Administración*, núm. 64, Chile: Universidad de Concepción.
- Barrera, Rosier Omar (2002), "Consideraciones geomorfológicas sobre la Sierra Madre Occidental en el norte de Jalisco, México", en *Investigaciones Geográficas*, núm. 048, México: Universidad Nacional Autónoma de México.
- Bastidas Delgado, Oscar y Madeleine Richer (2001), "Economía social y economía solidaria: intento de definición, en *Cayapa*, vol. 1, núm. 001, Mérida: CIRIEC-Venezuela.
- Consejo Indígena de Centroamérica (2010), Economía indígena. Documento en línea en: www.cicaregional.org/leer.php/9621715, data de consulta: 19 de outubro de 2010.
- Diez, María Laura (2004), "Reflexiones en torno a la interculturalidad", en *Cuadernos de Antropología Social*, núm. 19, Argentina: Universidad de Buenos Aires.
- Diosey. Lugo (2007), "Economía indígena y estrategias de reproducción en el grupo indígena warao", en *Cayapa*, vol. 7, núm. 013, Venezuela: Centro de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa.
- Domínguez Torreiro, Marcos (2004), "O papel da fisiocracia nos nosos días: unha reflexión sobre a análise económica dos recursos naturais e o medio ambiente", en *Revista Galega de Economía*, vol. 13, núm. 001-002, España: Universidade de Santiago de Compostela.
- Durín, Séverine (2005), "Sacrificio de res y competencia por el espacio entre los wixaritari (huicholes)", en *Alteridades*, vol. 15, núm. 029, México: UAM-Ixtapalapa.
- Florentine Beimborn, María e Romandía Peñaflo, Alberto (2009), "Emigración y continuidad cultural de los wixaritari. Breve reflexión sobre una relación ambigua", en *Liminar, Estudios Sociales y Humanísticos*, vol. VII, núm. 2, México: Universidad de Ciencias y Artes de Chiapas.
- Fontaine, Ernesto (2008), "La evaluación privada y social de proyectos: el rol del Estado", en *Panorama socioeconómico*, vol. 26, núm. 036, Talca: Universidad de Talca.
- (1999) "Evaluación Social de Proyectos", Editorial Alfa Omega, México, pp. 471.
- Fonte, María e Claudia Ranaboldo (2007), "Desarrollo rural, territorios e identidades culturales. Perspectivas desde América Latina y la Unión Europea", en *Revista Ópera*, vol. 7, núm. 007, Bogotá: Universidad Externado de Colombia.
- Franco, Carlos e outros (2008), "Contribución de la energía al desarrollo de comunidades aisladas no interconectadas: un caso de aplicación de la dinámica de sistemas...", en *Dyna*, vol. 75, núm. 154, Colombia: Universidad Nacional de Colombia.
- Gómez, Baggethun E e R de Groot (2007), "Capital natural y funciones de los ecosistemas: explorando las bases ecológicas de la economía", en *Ecosistemas*, vol. XVI, núm. 003, España: Asociación Española de Ecología Terrestre.
- Gómez González, Gerardo, Gómez Calderón, Elvia Xitlaly e Gómez Calderón, Yuriena (2008), "Perspectiva de los agronegocios en el desarrollo indígena: caso Querétaro", en *Ra Ximahi*, vol. 4, núm. 003, México: UAIM.
- Gudynas, Eduardo e Acosta, Alberto (2011), "La renovación de la crítica al desarrollo y el buen vivir como alternativa", en *Utopía y Praxis Latinoamericana*, vol. 16, núm. 53, Venezuela: Universidad del Zulia.
- Guerra García, Ernesto (2004), "La sociointerculturalidad y la educación indígena", en Sandoval Forero, Eduardo y Manuel Antonio Baeza (coord.), *Cuestión étnica, culturas, construcción de identidades*, México: UAIM, ALAS, El Caracol.
- Guízar Vázquez, Francisco (2009), "Wixaritari (huicholes) y mestizos: análisis heurístico sobre un conflicto intergrupual", en *Indiana*, núm. 26, Berlín: Instituto Ibero- Americano de Berlín.
- Hidalgo Flor, Francisco (2011), "Buen vivir, Sumak Kawsay: Aporte contrahegemónico del proceso andino", en *Utopía y Praxis Latinoamericana*, vol. 16, núm. 53, Venezuela: Universidad del Zulia.

- Huot, Geneviève e Denis Bissières (2006), "El grupo (Chantier) de economía social y los sectores de la economía social en Québec", en *Cayapa*, vol. 6, núm.011, Mérida: CIRIEC: Venezuela.
- Instituto Nacional de Estadística, Geografía e Informática (INEGI) (2011), *Características culturales de la población*. Documento en línea en: <http://www.inegi.org.mx/sistemas/sisept/default.aspx?t=mlen10&c=27643&s=est>, data de consulta: 12 de xullo de 2012.
- Instituto Nacional de Estadística, Geografía e Informática (INEGI) (2010), *Lenguas indígenas en México y hablantes (de 5 años y más) al 2010*. Documento en línea en: http://cuentame.inegi.org.mx/hipertexto/todas_lenguas.htm, data de consulta: 12 de xullo de 2012.
- Izquierdo Server, Ricardo (2009), "Responsabilidad social de las empresas, crisis y economía social", en *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, núm. 65, España: Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía, Pública, Social y Cooperativa.
- Jaime, Alberto e Tinoco López, R. O. (2006), "Métodos de valuación de externalidades ambientales provocadas por obras de ingeniería", en *Ingeniería e investigación y tecnología*, vol. VII, núm. 002, UNAM, México.
- Juránková, Magda (2007), "El perfil comunicativo de los huicholes que viven en la ciudad", en *Comunicación y Sociedad*, núm. 007, México: Universidad de Guadalajara.
- La Jornada (2011), "Minera canadiense pone en riesgo a pueblos indígenas", en *La Jornada*, 11 de marzo, México.
- Lugo, Dioses (2007), "Economía indígena y estrategias de reproducción en el grupo indígena Warao", en *Cayapa*, vol. 7, núm. 013, Mérida: Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa.
- Matos Basó Ruth (2005), "Enfoques de evaluación de programas sociales: análisis comparativo", en *Revista de Ciencias Sociales (Ve)*, año/vol. XI, núm. 002, Venezuela: Universidad del Zulia.
- Mazabel-Domínguez, Davison G, Romero-Jacuinde, Manuel y Hurtado-Cardoso, Miguel (2010), "La evaluación social de la sustentabilidad en la agricultura de riego", en *Ra Ximhai*, vol. 6, núm. 2, México: UAİM.
- Mozas Moral, Adoración e Enrique Bernal Jurado (2006), "Desarrollo territorial y economía social", en *CIRIEC-España Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, núm. 055, Valencia: CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa.
- Pinto Silbato, Flavio (2004), "Energías renovables y desarrollo sostenible en zonas rurales de Colombia. El caso de la Vereda Carrizal en Sutamarchán", en *Cuadernos de Desarrollo Rural*, núm. 053, Bogotá: Pontificia Universidad Javeriana.
- Porras Carrillo, Eigeni (2006), "Algunos aspectos de las relaciones entre el desierto y los huicholes", en *Culturales*, vol. II, núm. 003, México: Universidad Autónoma de Baja California.
- Pujol, Jordi (2003), "La economía social en Cataluña", en *CIRIEC- España Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, núm. 047, Valencia: Centro Internacional de Investigación Inform. Sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa.
- Reyes e otros (2005), "El precio de la contaminación como herramienta económica e instrumento de política ambiental", en *Interciencia*, vol. 30, núm. 007, Venezuela: Asociación Interciencia.
- Romo Rico, Daniel e Sergio Galina Hidalgo (2008), "El futuro de los energéticos en la globalización", en *Análisis Económico*, vol. XXIII, núm. 54, México: UAM-Azcapotzalco.
- Rodríguez-Murcia, Humberto (2008), "Desarrollo de la energía solar en Colombia y sus perspectivas", en *Revista de Ingeniería*, núm. 28, Colombia: Universidad de los Andes.
- Saliba, Frédéric (2011), "En México, los indígenas huicholes no quieren las minas de oro y plata", en *Le monde*, 30 de diciembre, París Francia.
- Torres Contreras, José de Jesús (2000), "Tierras magras y políticas equivocadas en el sistema productivo huichol, caso Santa Catarina, municipio de Mezquitic, Jalisco", en *Espiral*, vol. 7, núm. 019, México: Universidad de Guadalajara.
- Tetreault, Darcy Víctor y Lucio López, Carlos Federico (2011), "Jalisco: pueblos indígenas y regiones de alto valor biológico", en *Espiral*, vol. XVIII, núm. 51, México: Universidad de Guadalajara.
- Tocancipá Falla, Jairo (2008), "El trueque, tradición, resistencia y fortalecimiento de la economía indígena en el Cauca", en *Revista de Estudios Sociales*, núm. 31, Colombia: Universidad de los Andes.
- Vargas Isaza, Olga Lucía (2005), "La evaluación multicriterio social y su aporte a la conservación de bosques", en *Revista Facultad Nacional de Agronomía – Medellín*, vol. 58, núm. 1, Colombia: Universidad Nacional de Colombia.
- Wiegand, Phil y Fikes, Jay (2004), "Sensacionalismo y etnografía, el caso de los huicholes de Jalisco", en *Relaciones*, vol. 25, núm. 098, México: Colegio de Michoacán.
- Zapateando (2012), "Indígenas marchan para la libertad de Patisthán y contra minas y presas", en *Zapateando*, 27 de marzo. Documento en línea en: <http://zapateando.wordpress.com/2012/03/27/indigenas-marchan-para-la-libertad-de-patisthan-y-contra-minas-y-presas-accion-urgente-por-la-libertad-de-alberto-patisthan/>, data de consulta 15 de maio de 2012.

Análise do Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria como novo fito da construción europea, empregando as Teorías da Integración



& Resumen/Abstract: *Neste traballo analízase o Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria como novo fito da integración comunitaria. No primeiro apartado sinálanse as normas de supervisión orzamentaria anteriores adoptadas pola UE. No segundo capítulo, descríbese este novo tratado orzamentario, sinalando as principais novidades que este achega respecto á lexislación previa. Durante a terceira parte ofrécese unha visión xeral do proceso de negociación deste pacto fiscal na área comunitaria, debullando os principais motivos que levaron a que a UE apostara decididamente por unha maior disciplina fiscal. A continuación explícanse as diferentes posturas adoptadas polos diferentes estados membros durante o devandito proceso de negociación desde o ámbito das teorías da integración europea. O último apartado resume as principais conclusións do traballo.* **&**

& Palabras clave: pacto fiscal, vixilancia e supervisión orzamentaria, teorías da integración europea, débeda pública, déficit público.

1. INTRODUCCIÓN

Ao longo dos últimos 60 anos produciuse un intenso proceso de integración e cooperación no ámbito europeo, principalmente no que se refire á posta en marcha e funcionamento de institucións comúns, o que transformou radicalmente o panorama social, político e económico dos estados partícipes. A importancia e trascendencia deste proceso converteuno en materia primordial de estudo da Ciencia Política.

O control e a vixilancia fiscal dos estados membros por parte da UE establecido no TCEG non se debe considerar como o primeiro gran recorte da soberanía orzamentaria dos estados membros, posto que xa existían varias disposicións previas neste sentido. Coñecer as devanditas normas resulta fundamental para entender o impacto que suporá o novo tratado orzamentario:

- A partir da entrada en vigor¹ del Tratado de Maastricht² os Estados membros viron restrinxida a súa soberanía orzamentaria ao ter que cumprir as normas establecidas no artigo 104 do TCE. No seu apartado 1 establécese que *“os Estados membros evitarán déficits públicos excesivos”*, mentres que o seu apartado 2 dispón que *“a Comisión supervisará a evolución da situación orzamentaria e do nivel de endebedamento público dos Estados membros co fin de detectar erros manifestos”*. Este artigo ampliouse nun anexo ao Tratado, denominado *“Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo (PDE)”*. Neste protocolo establécéronse os valores de referencia do déficit público e débeda pública: os límites no tres por cento e no sesenta por cento do produto interior bruto a prezos de mercado, respectivamente (Biri-Smaghi, Padoa-Schioppa, & Papadia, 1994).
- No ano 1997 adoptouse o Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC). Este Pacto trataba de conseguir que unha vez comezara a posta en circulación do euro existise unha forte estabilidade económica, grazas a unhas finanzas públicas saudables na Eurozona – e a Unión Europea –, estimulando que os estados membros continuasen coa obriga de evitar os déficits excesivos unha vez comezara a Unión Monetaria (Bölükbaşı, 2007). Os dous regulamentos dos que consta van máis alá do mero establecemento de límites aos déficits públicos: no primeiro establécese que *“os Estados membros deben buscar o equilibrio orzamentario e mesmo ter superávit a medio prazo (artigo 3 apartado 2b)”*, obxectivos cuxa supervisión será analizada mediante o procedemento de vixilancia recollido no artigo 104³ do TCE (artigo 5 apartado 1). Tamén obriga aos Estados membros a presentar cada ano toda a información que a Comisión e o Consello necesiten para valorar a situación orzamentaria (artigo 3 apartado 1 para os países da Eurozona e artigo 7 apartado 1 para os demais). No segundo regulamento contémplanse as circunstancias baixo as cales se poden impoñer sancións aos Estados membros que teñan déficits excesivos. Cando se superen os valores de referencia e non sexa de carácter excepcional ou se producira unha diminución do PIB de polo menos o dous por cento, o Consello poderá decidir que o país incumpridor achegue un depósito – de como máximo medio punto do PIB (artigo 12 apartado 3) – como garantía de que reducirá o déficit.

1 O Tratado de Maastricht entrou en vigor o 1 de novembro de 1993.

2 Pódese consultar o tratado completo no seguinte enderezo:
http://eur-lex.europa.eu/es/treaties/dat/11992E/tif/JOC_1992_224_1_ES_0001.pdf (última consulta 03/11/12).

3 Na actualidade artigo 126 do TFUE.

Se nun prazo de dous anos non se corrixe esa situación, este depósito converterase en multa (artigo 13).

- No ano 2005 ratificáronse dous novos regulamentos que actualizaban o PEC de 1997, CEs nº 1055/2005 e 1056/2005. Entre as principais achegas desta reforma atópanse a petición de acometer reformas durante as fases de crecemento da economía ou recóllese a posibilidade de ampliar o prazo dado a un país para corrir unha situación de déficit excesivo (Henrique Alves & Afonso, 2008).

2. O TRATADO DE ESTABILIDADE, COORDINACIÓN E GOBERNANZA NA UNIÓN ECONÓMICA E MONETARIA (TECG)

O TECG – tamén denominado pacto orzamentario ou pacto fiscal – é a última gran modificación da política orzamentaria a nivel europeo e representa un paso decisivo na integración europea. En termos normativos, este acordo é un tratado independente de dereito internacional público que establece unha cooperación reforzada das políticas orzamentarias e de vixilancia fiscal dos 25 Estados membros que asinaron o tratado en marzo de 2012⁴. Estas normas son complementarias ás disposicións existentes con anterioridade que tamén contemplan a regulación e cooperación da política orzamentaria dos Estados membros⁵. Malia ser un tratado intergubernamental, concede ás institucións europeas a última palabra sobre a posibilidade de sancionar ou non ao Estado membro que non cumpra as normas establecidas no Tratado. Polo tanto, a integración económica na área da moeda única refórzase claramente mediante a introdución deste mecanismo sancionador supranacional.

O TECG ten como obxectivo principal protexer e aumentar a estabilidade da zona do euro. Un dos seus aspectos fundamentais ten que ver coas esixencias necesarias para a súa entrada en vigor. Poderíase afirmar que por primeira vez na historia do proceso de integración comunitaria se prescinde da regra da unanimidade para a súa entrada en vigor (Closa, 2012). Ata este momento ningún tratado prescindira do consenso entre todas as partes asinantes para que os seus contidos entraran en vigor. Porén, o TECG establece claramente que *“O Tratado entrará en vigor unha vez que 12 Partes Contratantes cuxa moeda sexa o euro depositaran o seu instrumento de ratificación”*⁶. La fecha contemplada es el 1 de enero de 2013 o el primer día del mes siguiente al A data contemplada é o 1 de xaneiro de 2013 ou o primeiro día do mes seguinte ao depósito desta duodécima ratificación, elixindo aquela data que sexa anterior. A introdución deste novo sistema débese en gran medida ao desexo de evitar que suceda unha situación similar á acontecida no proceso de ratificación da fallida Constitución Europea, que non entrou en vigor polos resultados negativos dos referéndums celebrados en Francia e os Países Baixos. Con esta nova normativa ningún actor por si só tería suficiente forza para cancelar ou paralizar o proceso (polo menos no que a aspectos técnicos se refire) xa que sería necesario que como mínimo seis países “membros do euro” se posicionasen en contra do tratado.

4 Todos os Estados membros da Unión Europea (UE) a excepción de Gran Bretaña e a República Checa: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Rumanía e Suecia.

5 Que son os artigos 121, 126 e 136 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), o Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo (PDE) e o Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC), coas súas sucesivas reformas.

6 Artigo 14, apartado 2 do TECG.

Podemos distinguir tres apartados ben diferenciados no Tratado:

I. **Introdución dun Pacto orzamentario.** Neste apartado repóllense os valores de referencia do déficit público e os procedementos de sanción contemplados:

- “A situación orzamentaria dos Estados membros será de equilibrio ou superávit”⁷, como xa recollía o PEC orixinal. Porén introdúcese un “valor de referencia do 0,5 por cento de déficit estrutural”⁸, que é algo totalmente novidoso. Ademais, posto que resulta moito máis complexo quebrantar normas recollidas en leis nacionais que en leis comunitarias, establécese que este valor do 0,5 por cento “ten que introducirse no Dereito nacional dos Estados membros mediante disposicións que garantan o seu cumprimento”⁹.
- “Se a débeda pública supera o valor de referencia” recollido no PDE – do 60 por cento en relación ao PIB – terá que “reducirse a un ritmo medio dunha vinteava parte ao ano”¹⁰ como referencia, tal e como xa sinala a última modificación do PEC.
- “Agás que unha maioría capacitada de Estados membros cuxa moeda é o euro se opoñan, teranse que apoiar as propostas ou recomendacións formuladas pola Comisión Europea sobre a situación de déficit excesivo dun país que incumpra os valores de referencia”¹¹. Esta regra introdúcese para evitar situacións como a producida no 2003, no que Alemaña e Francia mediante unha maioría simple conseguiron paralizar os procedementos sancionadores abertos contra eles.
- Tanto a Comisión como calquera Estado membro que considere que outro Estado membro non introduce na lexislación nacional as normas do 0,5 por cento do déficit estrutural “terán potestade para someter o asunto ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea”¹². “Este Tribunal poderá emitir unha sentenza vinculante, cuxo incumprimento por parte do Estado membro expedientado podería supoñerlle unha multa coercitiva do 0,1 por cento do seu PIB”¹³. Esta norma é un dos puntos clave do Tratado. Alemaña foi o principal defensor de establecer unha norma deste tipo, xa que lle outorga a posibilidade aos Estados de denunciar o incumprimento do tratado nun determinado Estado membro. Aumenta polo tanto a posibilidade de exercer unha vixilancia real sobre o marco orzamentario doutros países.

II. **Maior coordinación das políticas económicas e de converxencia, tratando de ofrecer unha imaxe de maior comunión política entre os distintos países:**

- “Os Estados membros terán que avisar con antelación ás institucións europeas cando vian emitir débeda pública”¹⁴, así poderán coordinar estas emisións entre os distintos países da zona euro e realizala no momento máis adecuado.

7 Artigo 3, apartado 1, letra a) do TCEG.

8 Artigo 3, apartado 1, letra b) do TCEG.

9 Artigo 3, apartado 2 do TCEG.

10 Artigo 4 do TCEG.

11 Artigo 7 do TCEG.

12 Artigo 8, apartado 1 do TCEG.

13 Artigo 8, apartado 2 do TCEG.

14 Artigo 6 do TCEG.

- Os países coa moeda única “terán que adaptar todas aquelas iniciativas e medidas necesarias para conseguir o correcto funcionamento da zona do euro”¹⁵. Mediante esta norma os países da Eurozona abren a posibilidade de que se decidan as políticas que teñen que adoptar desde fóra das súas fronteiras. Polo tanto existirá unha ampla redución da súa soberanía sobre políticas fiscais e orzamentarias.
- “Todas as grandes reformas sobre a política económica serán debatidas previamente entre os distintos países da Eurozona e coordinaranse se estes consideran que é a opción máis adecuada”¹⁶. De novo, ao igual que na medida anterior, obsérvase unha importante cesión de soberanía sobre as políticas fiscais e orzamentarias por parte dos países coa moeda única.

Fortalecemento da gobernanza da zona do euro, reforzando o marco institucional da Eurozona:

- Aumento do número de reunións dos países do euro: “os Xefes de Estado ou de Goberno dos países cuxa moeda é o euro reuniranse sempre que fose necesario e como mínimo dúas veces ao ano”¹⁷. Esta reunión recibirá o nome de “Cume do Euro” e nela debateranse todas as políticas destinadas a modificar a arquitectura xeral da zona do euro, e todas aquelas cuestións relacionadas coa aplicación do TCEG.
- “Nomearase un Presidente do Cume do Euro”¹⁸. Ao igual que co nomeamento dun Presidente Permanente do Consello Europeo, mediante este novo cargo inténtaselle dar forza institucional a esta reunión..

Como se pode observar, nestes artigos recóllense disposicións que confiren un maior traspaso de soberanía á UE do estipulado nos outros tratados reguladores das políticas orzamentarias (como o PEC reformado ou o PDE), sobre todo naqueles países que forman parte da zona euro. Polo tanto, o TCEG representa un gran paso na “tan ansiada” unión fiscal da Eurozona (e da Unión Europea), aínda que aínda queda un longo camiño por percorrer.

3. PROCESO DE NEGOCIACIÓN DEL TCEG

A situación de crise económica mundial que comezou a finais do ano 2007 afectou dunha maneira particular a Europa, producíndose un crecemento moi baixo na Unión Europea, que provocou unha forte recesión durante o ano 2009¹⁹.

Esta recesión provocou unha profunda deterioración das finanzas públicas europeas. A maioría dos Estados membros estiveran cumprindo os límites de débeda pública e déficit estrutural establecidos no PEC revisado²⁰. Pero debido ás consecuencias da crise os estados aumentaron as súas partidas de gasto público mentres que os seus ingresos se vían reducidos, polo que cada vez era maior o número de países que incumprían estas regras²¹. Con respecto ao criterio da débeda pública, no ano 2010 só “cumpriron” catro países: Eslovaquia,

15 Artigos 9 e 10 do TCEG.

16 Artigo 11 do TCEG.

17 Artigo 12, apartado 2 do TCEG.

18 Artigo 12, apartado 1 do TCEG.

19 Gráfico 1, na sección anexos.

20 Reforma de xuño de 2005.

21 Gráficos 2 e 3, na sección anexos.

Eslovenia, Finlandia e Luxemburgo, mentres que o criterio do tres por cento de déficit estrutural foi respectado en 2009 e 2010 por unicamente dous países: Finlandia e Luxemburgo. Ademais, nin a Comisión nin o Consello contemplaban abrir expedientes a todos estes Estados membros por incumprir o PEC revisado.

Gran parte dos mandatarios europeos sostían que unha das principais razóns de que a crise económica fose máis aguda na Unión Europea e na Eurozona que noutros lugares do mundo se debía ao incumprimento xeneralizado dos límites acordados no PEC revisado, xa que cunhas finanzas públicas débiles Europa non podía facer fronte aos vaivéns económicos. Cos datos negativos do PIB de 2009 na man, os mandatarios europeos comezaron un debate sobre se sería máis adecuado esixir o regreso ao cumprimento estrito dos criterios do PEC ou se pola contra este se debería reformar para obrigar a un maior rigor das finanzas públicas e para ter unha maior facilidade para impoñer sancións reais que obrigasen ao cumprimento das normas orzamentarias a aqueles Estados membros que coas súas actuacións puxesen en perigo ao resto dos países da Eurozona e a Unión Europea.

Nun primeiro momento os líderes europeos decantáronse por reformar a lexislación existente. A principios de novembro de 2011 adoptáronse seis medidas lexislativas que propuxera a Comisión Europea en setembro de 2010 nun paquete lexislativo denominado "Six Pack", que entrarían en vigor o 13 de decembro de 2012. O longo proceso necesario para lograr a súa aprobación puxo de manifesto a extremada lentitude das institucións europeas á hora de realizar reformas en sectores clave da economía, xa que se necesitou máis dun ano para conseguir a súa aprobación.

Porén, a crise económica continuaba sendo o gran problema da UE. Un dos principais motivos de que non se tivese logrado solucionar atopábase na desconfianza dos mercados financeiros ante a situación orzamentaria de varios Estados membros, e a reforma fiscal descrita no parágrafo anterior non fora suficiente para rebaixar esta tensión. Por iso a finais dese mes a Comisión Europea volvía iniciar un novo proceso lexislativo mediante dúas novas propostas. Non obstante, desde Alemaña e Francia non estaban dispostos a agardar como mínimo outro ano para conseguir que o marco orzamentario da UE se vise reforzado e albergaban serias dúbidas sobre a posibilidade de alcanzar un consenso con todos os socios da UE. Por este motivo comezaron a buscar outras alternativas. O diario alemán Bild publicaba unha información²² que marcaría as seguintes semanas na area europea: o presidente francés Nicolas Sarkozy e a chanceler alemá Angela Merkel estaban mantendo reunións secretas para propoñer no Consello Europeo de principios de decembro un novo pacto de estabilidade, presentado baixo a modalidade de acordo internacional e non de reforma dos tratados comunitarios. Mediante este sistema o acordo podería entrar en vigor nun tempo moito máis reducido, xa que non sería necesaria a aprobación por unanimidade dos Estados membros para a súa ratificación nin resultaba imprescindible obter o visto e prace da Comisión e o Parlamento Europeo.

